

Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema Público de Saúde de Galicia

(...)

I. NORMAS XERAIS

I.1. Obxecto

O presente Pacto establece e regula o procedemento de selección, a través de listas elaboradas consonte a baremo, das persoas aspirantes a nomeamentos estatutarios temporais do Sistema Público de Saúde de Galicia.

I.2. Ámbito de aplicación do Pacto

Será de aplicación a todos os nomeamentos temporais que resulte necesario formalizar nas diversas categorías estatutarias no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia, baixo as modalidades establecidas na Lei 55/2003, do 16 de decembro.

I.3. Vixencia e denuncia do Pacto

O presente Pacto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, coa excepción dos puntos que impliquen un desenvolvemento técnico, os cales se irán implantando de maneira progresiva durante a súa vixencia.

En consonancia co indicado no parágrafo anterior, o procedemento xeral telemático descrito no punto III.2.1 iniciará o seu funcionamento nun prazo de dous anos desde a entrada en vigor deste Pacto. O seu comezo farase dun xeito progresivo, podendo inicialmente limitar a súa implantación a unha determinada categoría/especialidade, distrito e/ou tipo/duración do contrato.

A vixencia do Pacto rematará o 31 de decembro de 2030, prorrogándose automaticamente por sucesivos períodos dun ano, de non mediar denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de dous meses ao remate de cada ano natural.

De existir denuncia da vixencia deste pacto, prorrogarase a súa efectividade ata a formalización do novo pacto ou norma que o substitúa, tras a negociación correspondente.

I.4. Réxime transitorio

I.4.1. Serán de aplicación o Pacto do 13 de xuño de 2016 (DOG núm. 123, do 30 de xuño) e o Pacto do 11 de decembro de 2018 (DOG núm. 240, do 18 de decembro) á xeración da lista definitiva daquelas categorías con proceso de selección actualmente en tramitación. As sucesivas xeracións nestas categorías efectuaranse consonte á nova regulación.

I.4.2 En canto non se publiquen as listas definitivas de persoas aspirantes seleccionadas en aplicación dos criterios contidos no presente Pacto, serán de aplicación respecto de cada categoría e para os chamamentos que resulte necesario efectuar as últimas listaxes confeccionadas e as normas de xestión contidas na regulación anterior correspondente.

I.5. Seguimento do Pacto

I.5.1 O seguimento do presente Pacto será efectuado por unha Comisión Central, con sede nos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde e polas Comisións Periféricas de área sanitaria que se constitúan.

I.5.2 As entidades públicas con personalidade xurídica formarán parte da Comisión Periférica da área sanitaria que corresponda por razón da localización territorial do órgano onde se efectúe o chamamento.

Ditas comisións estarán compostas por un/unha representante, titular e suplente, de cada unha das organizacións sindicais asinantes do Pacto e un número igual de representantes designados pola Administración Sanitaria, con proporción equilibrada de ambos sexos. O/a suplente só participará nas reunións en ausencia do/da titular.

I.5.3 A Comisión Central de Seguimento terá as seguintes competencias:

- Unificar e establecer os criterios de actuación e interpretación do presente pacto.

- Resolver en única instancia, sen prexuízo dos recursos que procedan, as incidencias e controversias de afectación xeral que deriven da aplicación do pacto.
- Acordar as medidas de excepcionalidade que se consideren oportunas na aplicación da presente regulación ante circunstancias imprevistas e puntuais, entre outras, de indispoñibilidade de aspirantes.
- Propoñer, para a súa aprobación polo órgano competente, a modificación do catálogo de categorías profesionais compatibles e subsidiarias previstos nos Anexos I e II, cando razóns técnicas e de xestión así o permitan ou requiran, a incorporación de novas áreas especiais, previo informe favorable da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, así como a modificación do ámbito de inscrición ou das datas de xeración de listas.
- Elaborar, para a súa aprobación pola Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde procedementos e protocolos básicos de xestión de chamamentos, de obrigado cumprimento, sen prexuízo das particularidades e adaptacións propias de cada centro de xestión.
- As demais explicitamente recoñecidas neste pacto.

I.5.4 As Comisións Periféricas de Seguimento asumirán as seguintes competencias:

- Exercerán o control da execución dos chamamentos das persoas aspirantes en todo o seu ámbito.
- Coñecerán en única instancia, sen prexuízo dos recursos que procedan, de todas as incidencias e reclamacións que se produzan no procedemento de xestión de chamamentos do seu respectivo ámbito, formulando as oportunas propostas de resolución vinculantes, ás xerencias correspondentes, para o seu traslado, de ser o caso, ás persoas interesadas.
- Ser informadas dos servizos/unidades concretos que formarán parte de cada unha das áreas especiais relacionadas no punto II.5.1.

- No relativo ao indicado no Anexo III sexto, ser informadas dos ámbitos funcionais nos que exista especialidade.
- As demais explicitamente recoñecidas no presente Pacto.

I.5.5 A presidencia das Comisións corresponderalle a un dos membros designados pola Administración, actuando como secretario/a destas, con voz e voto, outro dos seus representantes. Nas votacións que se realicen, o voto do/a presidente/a será dirimente no caso de empate.

I.5.6 As comisións de seguimento reuniranse, con carácter ordinario, unha vez ao trimestre a comisión central, e unha vez ao mes as periféricas. Así mesmo, reuniranse con carácter extraordinario tantas veces sexan convocadas pola presidencia ou logo da proposta de, cando menos, a terceira parte dos seus integrantes.

I.5.7 As comisións elaborarán o seu regulamento de funcionamento interno, que se axustará en todo caso ao establecido no Título Preliminar, Capítulo II da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e no Título I, Capítulo I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

II. SELECCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

A/ NORMAS XERAIS

II.1. Requisitos das persoas aspirantes

Poderán inscribirse nas listas que se elaboren en aplicación do presente Pacto as persoas interesadas que reúnan os seguintes requisitos:

II.1.1 Requisitos comúns:

a.- Nacionalidade: Ter a nacionalidade española ou a dun Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, estar incluído no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales

sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as ou ter recoñecido tal dereito por norma legal.

Así mesmo, poderán participar o/a cónxuxe ou parella de feito dos/das españois/las e dos/das nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, así como os/as seus/súas descendentes e os/as do/da seu/súa cónxuxe ou parella de feito, que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

Están exentas do requisito da nacionalidade as categorías profesionais de licenciado/a sanitario/a e diplomado/a sanitario/a.

b.- **Idade:** Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa establecida pola normativa vixente.

O cumprimento da idade de xubilación forzosa suporá a baixa inmediata da condición de aspirante na lista, a efectos de chamamentos.

Os/as aspirantes admitidos/as nas listas para a formalización de nomeamentos estatutarios temporais, se encontren ou non vinculados na data de cumprimento da idade de xubilación, poderán prorrogar a súa permanencia na lista, máis alá desta idade, cos mesmos requisitos e coa mesma duración máxima que a aplicada en cada momento no procedemento de prolongación da permanencia no servizo activo do persoal estatutario fixo da mesma categoría.

A aceptación desta prórroga de permanencia na lista virá condicionada á previa solicitude do propio aspirante ante a xerencia do distrito sanitario onde estea inscrito, ou, de tratarse de listas de ámbito autonómico, ante a xerencia do distrito sanitario ao que dirixiu a súa solicitude de inscrición. Dita prórroga deberá solicitarse cunha antelación mínima de 3 meses e máxima de 4 meses á data de cumprimento da idade de xubilación forzosa.

En todo caso, a permanencia nas listas condicionarase ao mantemento da capacidade funcional da persoa interesada para exercer a profesión ou desenvolver as actividades correspondentes ao seu nomeamento.

c.- **Capacidade funcional:** Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que deriven do/s correspondente/s nomeamento/s.

En aras da protección da seguridade e saúde dos/das profesionais e da calidade asistencial, a administración sanitaria poderá requirir, en calquera momento, da UPRL ou órgano competente, con carácter previo ou no transcurso dalgunha vinculación, a verificación da posesión do requisito de capacidade funcional das persoas aspirantes, cando por razón das ausencias destas no transcurso de vinculacións precedentes ou de calquera outra circunstancia, resulte necesario determinar a súa aptitude para o desenvolvemento das funcións propias da categoría á que opta ou para futuros nomeamentos.

Se como resultado da valoración se conclúise que a persoa aspirante non reúne a capacidade funcional necesaria, esta manterase en situación de suspensión de chamamentos na lista da categoría correspondente ata a recuperación de dito requisito. No entanto a persoa aspirante suspendida poderá solicitar a revisión da súa capacidade funcional, de considerar que se produciu unha mudanza desta, ante o citado órgano.

Das suspensión orixinadas por este motivo darase coñecemento na correspondente comisión periférica.

d.- **Habilitación:** Non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou administración pública nos seis anos anteriores, nin estar inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin no seu caso para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Es-

tado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores.

e.- **Titulación:** Posuír a titulación que, segundo se fai constar no modelo de instancia, habilita para o exercicio da profesión correspondente ou estar en condicións de obtela na data fin de valoración de requisitos do respectivo proceso de xeración, sen prexuízo do establecido no apartado correspondente para a quenda de promoción profesional.

No caso de titulacións extracomunitarias ou obtidas noutro Estado membro da UE, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para efectos profesionais, respectivamente.

Para o desenvolvemento de actividades que impliquen a manipulación de material ou equipos radiactivos con fins médicos, as persoas aspirantes das categorías de enfermeiro/a e técnico/a superior sanitario deberán estar provistas da oportuna licenza de operador concedida polo Consello de Seguridade Nuclear, no campo de aplicación que corresponda.

f.- **Protección xurídica do/da menor:** Para o exercicio das actividades que impliquen contacto habitual con persoas menores de idade, non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, de conformidade coa previsión contida no artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

g.- **Aboamento das taxas** por dereito de 1ª inscrición que, no seu caso, correspondan.

A tal efecto, non teñen a consideración de primeira inscrición, e en consecuencia, non xeran a obriga de aboamento de taxa, os cambios de distrito, de quenda ou do ámbito de prestación de servizos previsto nos apartados II.5, II.6 e II.7. Os cambios de categoría ou a inscrición posterior na mesma categoría mediando unha renuncia previa obriga ao aboamento de taxa.

II.1.2- Promoción profesional:

DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS
Complexo Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 542 800
recursos.humanos@sergas.gal
www.sergas.gal

a.- O persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde poderá acceder pola quenda de promoción profesional a nomeamentos estatutarios temporais dunha categoría do mesmo ou superior nivel de titulación ao que posúe, sempre que reúna, ademais dos requisitos indicados no apartado II.1.1, os seguintes:

- Ter a condición de persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, en servizo activo, nunha categoría/especialidade de nivel académico igual ou inferior á que se opta.

- Posuír a titulación requirida.

a.1.- Regulados os requisitos do punto II.1.2.a, e co obxecto de harmonizar e unificar os criterios da oferta de contratación temporal, cómpre aclarar o seguinte:

- As persoas aspirantes que en virtude deste punto cumpran os requisitos de admisión da quenda de promoción profesional temporal pero opten por manterse na quenda libre, serán receptores da oferta de contratación temporal que lles puidesen corresponder pola citada quenda consonte aos seguintes criterios:

- Ofertaráselle todos os vínculos, sexa cal sexa a súa duración, pola súa orde de prelación na lista da quenda libre.
- De aceptar e formalizar o nomeamento ofertado, se lle declarará en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público no posto fixo de orixe.

- As persoas aspirantes que en virtude deste punto cumpran os requisitos de admisión na quenda de promoción profesional temporal e opten pola formalización da súa inscrición nesta quenda, serán receptores da oferta de contratación temporal que lles puidesen corresponder pola citada quenda (promoción profesional temporal), pero tendo en conta que, durante este período transitorio ata a seguinte actualización da lista e a súa integración no listado vixente de promoción profesional temporal, a súa orde de prelación será a que subsidiariamente lles corresponda consonte á súa posición no listado de indisponibilidade de aspirantes (punto III.4.3º deste Pacto). Neste suposto, as ofertas das

que resulte adxudicatario/a se formalizarán xa en réxime de promoción profesional temporal con mantemento da situación de servizo activo no posto fixo de orixe.

a.2.- De conformidade co previsto no artigo 34.5 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, non se esixirá o requisito de titulación para o acceso ás categorías do artigo 7.2.b) da citada lei, agás que sexa necesaria unha titulación, acreditación ou habilitación profesional específica para o desempeño das novas funcións, sempre que o/a interesado/a prestase servizos durante cinco anos na categoría de orixe e teña a titulación esixida no grupo inmediatamente inferior á categoría á que opta.

b.- Promoción profesional por discapacidade intelectual: o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde que alcanzou o vínculo de fixeza a través dun proceso de selección fixa pola quenda de discapacidade intelectual, só poderá acceder a nomeamentos estatutarios temporais pola quenda de promoción profesional temporal naquelas categorías/especialidades nas que exista unha lista específica de acceso para as persoas que acrediten dita discapacidade.

Regulada esta particularidade, os demais requisitos que deberá cumprir este persoal para acceder por dita quenda serán os mesmos que os exixidos no apartado II.1.2.a precedente.

II.1.3 Non serán admitidas as solicitudes das persoas que fosen excluídas das listas confeccionadas en aplicación dos pactos do 1 de abril de 1993 (DOG do 13 de abril) e sucesivos, polas causas de penalización previstas neles, agás que dispoñan de autorización expresa para reincorporarse ás listas, nos termos dispostos no apartado IV do presente Pacto.

II.1.4 O persoal estatutario fixo non poderá inscribirse nas listas de selección temporal da mesma categoría que posúe.

II.2. Quendas de acceso e ámbito de dispoñibilidade

II.2.1. A selección de persoal estatutario temporal efectuarase, con carácter xeral, a través dunha única lista por categoría e ámbito territorial de dispoñibilidade, coa diferenciación de dúas quendas de acceso: libre e promoción profesional.

Admitirase a inscrición en máis dunha lista nos supostos previstos no Anexo I.

Aos efectos do presente Pacto e motivado nas particularidades de organización e de funcionamento, a enfermería da *Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061* operará de forma diferenciada e disporá de lista propia.

II.2.2 As listas elaboraranse, en ambas quendas de acceso, por categoría profesional e ámbito territorial de distrito sanitario, agás nos colectivos profesionais de bibliotecario/a, dietista-nutricionista, enfermeiro/a especialista en enfermería do traballo, enxeñeiro/a biomédico/a, enxeñeiro/a técnico/a, grupo de xestión da función administrativa, grupo técnico da función administrativa, licenciado/a sanitario/a de atención hospitalaria, lista xeral de graduado/licenciado en medicina, persoal sanitario do 061, técnico/a de grao medio en biblioteconomía e documentación, técnico/a de grao medio en prevención de riscos laborais, técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a superior en ciencias da información, técnico/a superior en dietética, técnico/a superior en documentación sanitaria, técnico/a superior en prevención de riscos laborais e traballador/a social, e naquelas categorías que a Comisión Central de Seguimento acorde que teñan ámbito distinto.

Nas listas de ámbito autonómico, o/a aspirante poderá seleccionar no formulario electrónico de inscrición (Fides/expedient-e) o/s distrito/s sanitario/s de opción preferente para a prestación de servizos. A falta de opción, entenderase que opta por calquera delas.

Integrarán cada distrito sanitario, aos efectos do presente Pacto, os centros, unidades e dispositivos asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas

adscritas á Consellería de Sanidade con localización no referido ámbito territorial, nos termos da normativa autonómica sobre estrutura de áreas e ordenación territorial no ámbito sanitario.

En contraposición co regulado neste punto, as listas dos colectivos profesionais recollidos no capítulo V deste Pacto terán ámbito territorial de área sanitaria.

II.2.3. Co obxecto de adecuar as/os aspirantes dispoñibles para a formalización de nomeamentos estatutarios temporais ás necesidades organizativas e asistenciais dos distritos sanitarios, actualizaranse periodicamente a través de Fides/expedient-e os ámbitos territoriais de inscrición de cada categoría, en lista xeral e, de ser o caso, área especial.

Esta actualización efectuarase o día seguinte á publicación no *Diario Oficial de Galicia* da lista definitiva de puntuacións e orde de prelación de cada categoría, e farase visible no formulario electrónico de inscrición.

Desde este momento e ata a data límite de corte do seguinte proceso de xeración, a/o aspirante poderá introducir no formulario electrónico de inscrición as modificacións que considere oportunas, que xurdirán efecto no seguinte listado que se xere, derivado do proceso de actualización.

II.2.4. Sistema diferenciado de acceso por discapacidade intelectual. Naquelas categorías nas que se tivese convocado un proceso de selección fixa cunha quenda diferenciada de acceso para as persoas que acrediten discapacidade intelectual, logo de finalizado este coa publicación do nomeamento dos/das aspirantes seleccionados/as, habilitarase ademais do sistema xeral de acceso, unha lista diferenciada de ámbito autonómico con opción de distrito preferente, á que poderán acceder as persoas que acrediten unha discapacidade intelectual. Esta lista diferenciada, igual que o resto, disporá da posibilidade de inscribirse pola quenda de acceso libre ou pola quenda de acceso de promoción profesional temporal, esta última xa regulada no punto II.1.2.b.

II.3. Baremo

II.3.1.- A orde de prelación das persoas aspirantes na lista, en cada unha das quendas de acceso, vén determinada pola puntuación que resulte da aplicación dun baremo que tomará en conta a valoración dos seguintes méritos e na seguinte ponderación, ata un máximo de 100 puntos:

II.3.1.1- A maior das puntuacións globais obtidas pola persoa aspirante na fase de oposición dos dous últimos procesos selectivos convocados e resoltos polo Servizo Galego de Saúde na categoría á que opta, con independencia da superación ou non desta fase. A puntuación máxima acadable por este concepto será de 60 puntos.

A estes efectos, entenderase como data de finalización do proceso selectivo a data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución pola que se declara rematada a fase de oposición do respectivo proceso.

Para a asignación de puntuación neste apartado, o/a aspirante deberá reunir o requisito de titulación para o acceso á categoría/especialidade na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación en tal proceso.

En ningún suposto se valorarán puntuacións derivadas da participación en procesos selectivos anteriores á OPE 2006.

O coñecemento da lingua galega polas persoas aspirantes que non tivesen participado na última OPE convocada ou que participando na mesma non tivesen realizado a correspondente proba ou tivesen obtido nesta unha puntuación inferior á máxima posible a acadar neste apartado, valorarase neste epígrafe, coa puntuación máxima asignada a tal mérito en OPE, previa acreditación do seu coñecemento no nivel esixido conforme certificación oficial regulada na Orde do 16 de xullo de 2007 (*D.O.G n° 146, do 30 de xullo*), segundo modificación efectuada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

II.3.1.2- A experiencia profesional, formación acreditada e outros méritos da persoa aspirante de acordo co baremo utilizado na última convocatoria de selección de persoal es-

tatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, na categoría correspondente. A puntuación máxima acadable neste apartado será do 40 puntos.

No apartado de experiencia profesional e sen que se poida superar a puntuación máxima prevista para tal epígrafe no respectivo baremo de selección fixa, valorarase a permanencia e efectiva dispoñibilidade das persoas que acaden a condición de titular nas listas especiais para nomeamentos de curta duración, cunha puntuación de 1,5 puntos por ano ou a que proporcionalmente corresponda, cun máximo de 4,5 puntos.

Ás persoas aspirantes que durante a vixencia dos pactos sobre selección temporal aprobados por Resolucións do 24 de maio de 2004, 26 de abril de 2011 e 13 de xuño de 2016 figurasen inscritas nas listas especiais para nomeamentos de curta duración (pool) previstas nos mesmos, valoraráselles o tempo de permanencia e dispoñibilidade acreditada nas citadas listas nos termos previstos no parágrafo anterior.

II.3.2- No suposto de que a data 31 de outubro, ou 30 de xuño para as categorías/especialidades para as cales se exixa como requisito de acceso ter superado unha especialidade sanitaria, se tivera publicado previa negociación coas organizacións sindicais, un novo baremo para os procesos de selección fixa de concurso-oposición dentro do organismo, a valoración da experiencia profesional, formación acreditada e demais méritos das persoas aspirantes na xeración de listas que se efectúe coa información obrante en Fides en dita data, realizarase consonte este último baremo.

II.3.3.- Os empates de puntuación que se puidesen producir resolveranse en primeiro lugar, a favor das persoas aspirantes que teñan participado no último proceso selectivo de persoal estatutario fixo convocado polo Servizo Galego de Saúde, e entre eles, a prol do que acadase a maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate, resolverase a favor da persoa que acredite maior puntuación no apartado de experiencia profesional, a continuación dirimirase o desempate a favor da persoa aspirante do xénero infrarrepresentado na categoría á que opta e posteriormente aplicarase o criterio da maior ida-

de. En último lugar terase en conta a data interna de alta da inscrición en Fides, priorizando a máis antiga.

Enténdese para estes efectos que existe infrarrepresentación cando na categoría/especialidade existe unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

II.3.4.- A Administración de oficio, en calquera momento, previa audiencia da persoa interesada, poderá excluír ou rectificar a puntuación asignada a un/unha aspirante e, no seu caso, a orde de prelación na lista, nos supostos en que se constate, da documentación que integra o expediente, a indebida valoración dalgún/s mérito/s ou requisito ou calquera outro erro. Das rectificacións que se efectúen será informada a Comisión Central de Seguimento do Pacto.

II.3.5.- En todas as categorías de persoal de xestión e servizos dos subgrupos A1 e A2 para as cales non se requira como requisito de acceso unha titulación académica específica para o exercicio das súas funcións, cando as características da praza obxecto de cobertura así o requiran, previa autorización da Dirección Xeral de Recursos Humanos, poderá realizarse ás persoas aspirantes inscritas en lista unha proba teórica e/ou práctica, co obxecto de acreditar a aptitude do profesional para o desempeño do citado posto. Estarán exentos da realización desta proba todas aquelas persoas que resultasen aptas polo menos nunha fase de oposición dun dos dous últimos procesos selectivos da categoría.

A convocatoria para a realización de dita/s proba/s efectuarase pola dirección-xerencia respectiva, que deberá informar da súa realización á comisión periférica de seguimento do pacto do seu ámbito.

Para tal efecto, nomearase unha comisión de valoración que estará constituída por presidente/a, dous vogais e secretario/a. Na composición procurarase garantir a presenza de profesionais con destino en dúas áreas sanitarias ou, cando menos, dous distritos sanitarios distintos. Todos os membros terán a condición de persoal

funcionario de carreira, laboral fixo ou estatutario fixo en praza ou categoría para a que se exixa posuír titulación do nivel académico igual ou superior á exixida para o acceso. Como mínimo, dous dos membros pertencerán ou terán a titulación da categoría na que se realiza a selección.

Na designación dos membros da comisión deberá respectarse o disposto no artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

As persoas integrantes da comisión deberán absterse de intervir no proceso para o que foron designadas cando se atopen incursas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

II.3.6.- Así mesmo, promoveranse accións formativas específicas sobre a utilización das aplicacións informáticas propias do Servizo Galego de Saúde, dirixidas ás persoas aspirantes das categorías de xestión e servizos que teñan como parte destacada do seu contido funcional o emprego destas ferramentas.

II.4. Procedemento de elaboración de listas

As listas de selección de persoal estatutario temporal reguladas no presente Pacto terán carácter aberto e serán obxecto de actualización anual.

Non obstante, co obxecto de garantir a dispoñibilidade de profesionais nas diversas categorías, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, previo tratamento na Comisión Central de Seguimento do Pacto, no suposto en que se detecte unha insuficiencia de persoas aspirantes nunha lista, poderá acordar a xeración da mesma cunha periodicidade distinta á prevista no apartado anterior.

II.4.1.- Primeira inscrición.

II.4.1.1 Instancia de participación.- As persoas interesadas en formar parte das listas deberán cubrir un formulario de inscrición, en modelo normalizado, a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es/Oficina Virtual/Expedient-e](http://www.sergas.es/Oficina_Virtual/Expedient-e)) que de-

berán presentar en rexistro administrativo, electrónico ou presencial ou a través de calquera dos procedementos do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na inscrición farase constar expresamente a/s categoría/s á/s que opta e ámbito territorial de dispoñibilidade. Con carácter xeral, cada persoa aspirante non poderá solicitar máis dunha categoría e ámbito territorial. Admitirase a inscrición en máis dunha categoría nos termos que se recollen no Anexo I do presente Pacto.

As persoas aspirantes que accedan pola quenda de promoción profesional poderán inscribirse en calquera distrito sanitario.

Nas listas de ámbito autonómico, agás as correspondentes á Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, os/as aspirantes poderán indicar o distrito/s sanitario/s no/s que solicitan prestar servizos con carácter preferente. De non concretar ningunha, entenderase que optan por calquera deles.

Nos diversos centros de xestión do organismo facilitarase ás persoas interesadas a información e apoio administrativo necesarios para a presentación da solicitude.

II.4.1.2 Tempo.- As persoas aspirantes poderán presentar a solicitude de inscrición en listas en calquera momento, sen suxeición a prazo. En cada proceso anual de xeración de listas que se efectúe incluíranse as solicitudes e méritos que consten rexistrados en Fides/expedient-e a data 31 de outubro, ou 30 de xuño no caso de categorías/especialidades para as cales se exixa como requisito de acceso ter superado unha especialidade sanitaria.

II.4.2 Rexistro e acreditación de requisitos e méritos

As persoas aspirantes deberán rexistrar no sistema de información Fides/expedient-e os requisitos de participación e méritos que posúan e proceder á súa acreditación documental, ante unha unidade de validación das relacionadas no propio formulario de inscrición, mediante orixinal, copia compulsada ou na forma establecida, para cada mérito, no

último proceso de selección fixa convocado polo Servizo Galego de Saúde para o acceso á categoría.

Verificada a citada documentación procederase á súa validación en Fides/expedient-e.

Non será necesaria a acreditación documental dos requisitos e méritos que aparezan validados no sistema de información Fides/expedient-e. Non obstante, a Administración en calquera momento poderá requirir á persoa aspirante a acreditación documental de calquera requisito ou mérito aínda que conste validado.

En cada xeración de listas que se efectúe os requisitos de participación irán referidos ao 31 de outubro, ou 30 de xuño, no caso de categorías/especialidades para as cales se exixa como requisito de acceso ter superado unha especialidade sanitaria. Tales requisitos deberán manterse polo/a aspirante ata a formalización, de ser o caso, do oportuno nomeamento.

Os méritos a valorar serán os causados ata o día 15 de outubro, este incluído, que consten debidamente rexistrados en Fides/expedient-e e acreditados documentalmente pola persoa interesada o 31 de outubro, agás no suposto das categorías/especialidades para as cales se exixa como requisito de acceso ter superado unha especialidade sanitaria, nas que se valorarán os méritos causados ata o 15 de xuño, este incluído, que consten debidamente rexistrados en Fides/expedient-e e acreditados documentalmente pola persoa interesada o 30 de xuño.

A falta de acreditación pola persoa interesada do cumprimento dos requisitos de admisibilidade consignados na solicitude de inscrición, na forma e tempo expostos, así como a consignación de datos falsos na mesma, suporá a perda do dereito a figurar inscrita na lista correspondente, sen prexuízo das demais responsabilidades a que houbese lugar.

Os requisitos e méritos que non consten rexistrados en Fides/expedient-e na data fin de cada proceso de xeración non serán tidos en consideración para ese proceso.

II.4.3 Aspirantes admitidos/as en lista anterior da mesma categoría

As persoas aspirantes que figuren na relación definitiva de admitidos/as dunha categoría na última lista en vigor elaborada a través de Fides/expedient-e e non desexen efectuar ningunha modificación nas condicións de participación no proceso anterior non terán a obriga de formalizar unha nova inscrición para resultar admitidas na seguinte xeración de listas que se efectúe.

Se a persoa aspirante desexa efectuar algunha modificación nas condicións de participación no último proceso, deberá efectuar esta a través da Oficina Virtual do Profesional (Fides/expedient-e) no formulario de inscrición habilitado ao efecto (inscrición editable).

Só no suposto de que a modificación introducida requira a presentación de documentación, do que se advertirá pola aplicación informática, o/a aspirante virá obrigado/a a presentar a solicitude nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As modificacións introducidas xurdirán efectos na seguinte xeración de listas que se efectúe.

As persoas aspirantes poderán actualizar os seus méritos na forma e prazos que se indican no apartado II.4.2.

II.4.4 Xeración e publicación de listas

Coa información que conste en Fides expedient-e a data 31 de outubro de cada ano, ou 30 de xuño (para as categorías con requisito de acceso de especialidade sanitaria), elaboraranse e publicaranse na páxina web do Servizo Galego de Saúde as listas de aspirantes a nomeamentos temporais nas diversas categorías.

Se con posterioridade ao 31 de outubro, ou 30 de xuño (para as categorías con requisito de acceso de especialidade sanitaria), e antes da publicación da lista definitiva de baremación de cada categoría tivese finalizado a fase de oposición dun proceso de selección fixa convocado polo Servizo Galego de Saúde, na xeración de listas que se efectúe terán-

se en conta, para valorar a maior das puntuacións obtidas nos dous últimos procesos selectivos convocados polo Servizo Galego de Saúde, os resultados deste novo proceso.

A Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde anunciará no Diario Oficial de Galicia así como na páxina web do organismo a publicación das listas e a súa data de efectos, manténdose vixentes ata dita data as listas inmediatamente anteriores. O citado anuncio conterá, ademais, referencia expresa aos recursos que procede interpoñer, órgano competente para o seu coñecemento e prazos de interposición.

Con carácter xeral, entre a publicación da lista definitiva actualizada e a vixente inmediatamente anterior, non mediará máis dun ano. Procurarase que o proceso de xeración de listas de todas as categorías finalice antes do 30 de xuño de cada ano.

II.4.5 Modificacións sobrevidas durante o período de vixencia dunha lista

II.4.5.1.- Co fin de promover a conciliación da vida laboral e familiar e con base en circunstancias debidamente acreditadas e sobrevidas con posterioridade á data fin de inscrición en cada proceso de xeración, as persoas aspirantes poderán solicitar o cambio de distrito de prestación de servizos. Comprobada a concorrencia das ditas circunstancias pola Comisión Central de Seguimento do Pacto, o cambio na lista definitiva producirá efecto na xestión dos chamamentos nun prazo non superior a 15 días desde a data da resolución que o autorice, podendo o/a profesional renunciar sen penalización ao vínculo que tivera no distrito de orixe. Na páxina web do Servizo Galego de Saúde informárase dos acordos adoptados.

Facilitarase, así mesmo, o cambio de distrito das persoas aspirantes vítimas de violencia de xénero, co debido respecto e protección dos seus datos de carácter persoal.

II.4.5.2.- O persoal estatutario fixo de novo ingreso en virtude do remate dun proceso selectivo convocado polo Servizo Galego de Saúde será dado de baixa automaticamente como aspirante a nomeamentos temporais na categoría en que adquire a condición de persoal estatutario fixo, desde a data de toma de posesión da praza adxudicada.

O persoal estatutario fixo incluído nunha lista de promoción profesional temporal que se incorpore a un novo destino con ocasión dun concurso de traslados ou dun proceso selectivo a través da quenda de promoción profesional, poderá solicitar, durante o prazo de toma de posesión, a súa inclusión nas listas de promoción temporal do distrito sanitario de destino, na mesma categoría na que figuraba inscrito. O cambio producirá efectos desde a finalización dos prazos de toma de posesión.

II.4.5.3.- A modificación de datos persoais poderá efectuarse en calquera momento pola persoa aspirante, producindo efectos na xestión das listas desde o día seguinte á data de modificación.

II.4.5.4.- Habilitarase en Fides/expedient-e, dentro do apartado de inscrición nas listas de selección temporal, un enlace específico que permitirá ao/á aspirante acceder a un formulario de renuncia á inscrición en listas, que logo de completado deberá ser presentado por rexistro, presencial ou telematicamente, dirixido á mesma unidade de validación da inscrición. A renuncia producirá efectos a partir do día seguinte á súa presentación.

II.4.6 Novas categorías e reordenación

II.4.6.1.- No suposto de creación dunha categoría de persoal estatutario, a selección de persoas aspirantes a nomeamentos temporais na respectiva categoría axustarase ao réxime previsto no presente Pacto, nos termos do disposto no respectivo Decreto de creación.

O baremo de aplicación será o previsto no apartado II.3 coas adaptacións que, de ser o caso, resulte necesario introducir previa negociación das mesmas no seo da comisión central de seguimento do pacto.

No período comprendido entre a finalización do prazo de inscrición previsto na resolución de creación da nova categoría e a data de publicación das listas definitivas que se xeren en desenvolvemento da mesma, no caso de ser necesario realizar unha contratación de aspirantes, o chamamento para a formalización de nomeamentos

temporais desta nova categoría efectuarase respectando a orde prevista para os supostos de indispoñibilidade de aspirantes que se contén no punto III.4.3º deste pacto.

II.4.6.2.- De producirse reclasificacións profesionais como consecuencia de reordenacións organizativas e asistenciais, que afecten a categorías previamente ofertadas na selección temporal e que impliquen a desaparición da anterior categoría, ou ben a súa reconversión noutra diferente, garántese o dereito das persoas aspirantes a formar parte das listas de selección temporal da nova categoría na que aquela ou aquelas se reclasifiquen, no ámbito territorial afectado pola reordenación, desde a data de efectos desta e ata a seguinte xeración de listas.

No suposto anterior e para os efectos da valoración de méritos, os servizos prestados na categoría de orixe polas persoas aspirantes que voluntariamente decidan formar parte das listas da nova categoría serán valorados, de ser o caso, como prestados na nova categoría na que se integran.

II.5. Áreas especiais

II.5.1 Nas categorías e servizos que se relacionan a continuación, a cobertura das necesidades de vinculación de duración non superior a 180 días efectuarase, con carácter preferente, polos/as aspirantes admitidos/as na lista da correspondente área especial:

- Celador/a: nas unidades de críticos, quirófano e saúde mental.
- Enfermeiro/a: nas áreas de citostáticos, banco de sangue, UCI-Reanimación-Queimados, Hemodinámica-Electrofisioloxía-Radioloxía Intervencionista, UCI pediátrica, quirófanos, hemodiálise, transplantes, hospital de día onco-hematolóxico, hospital de día onco-pediátrico, prematuros-neonatos, servizos de transfusión, unidades de hospitalización de transplante de precursores hematopoiéticos, unidades de endoscopia, urxencias hospitalarias e na unidade de Hemodoazón e Aférese da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

- Médico/a de familia: na unidade de Hemodoazón e Aférese da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.
- Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría: nas unidades de endoscopia, esterilización, hemodiálise, prematuros-neonatos, quirófanos, saúde mental, UCI pediátrica, UCI-Reanimación-Queimados e urxencias hospitalarias.
- Técnico/a superior de anatomía patolóxica e citoloxía: na área de citodiagnóstico.
- Técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico: na unidade de TAC, na unidade de Resonancia Magnética e nas unidades móbiles de resonancia magnética de Galicia.
- Técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico: na unidade de Fraccionamento da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e o Banco de Sangue.

II.5.2 Para resultar admitido en ditas listas, as persoas aspirantes deberán, ademais de reunir os requisitos previstos no apartado II.1.1, facer constar na solicitude de inscrición e acreditar nos termos esixidos no presente Pacto unha experiencia profesional mínima de 60 días, na/s referida/s áreas e categoría, por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias do Sistema sanitario público español/Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza ou 120 días en institucións sanitarias privadas concertadas ou con autorización de uso e/ou formación práctica específica na categoría e área/s solicitada/s, impartida polo Servizo Galego de Saúde.

Na categoría de enfermeiro/a, para o acceso ás áreas especiais de Hospital de Día Onco-Pediátrico, Prematuros-Neonatos e UCI Pediátrica equipárase á formación práctica específica impartida polo Servizo Galego de Saúde o título oficial de enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica.

Nesta mesma categoría, para o acceso á área especial de UCI-Reanimación-Queimados, será equiparable a estes efectos a formación universitaria oficial ou de título propio de máster, experto ou especialización en coidados críticos, enfermería intensiva ou

equivalente, sempre e cando acredite un mínimo de 150 horas de prácticas clínicas na área correspondente e conste realizada nos últimos 10 anos.

Así mesmo, e en idénticos termos, para o acceso ás áreas especiais de Quirófanos e Urgencias Hospitalarias equipárase á formación impartida polo Servizo Galego de Saúde, a formación universitaria oficial ou de título propio de máster, experto ou especialización nos respectivos ámbitos, sempre e cando acrediten un mínimo de 150 horas de prácticas clínicas na área correspondente e conste realizada nos últimos 10 anos.

Non será necesaria a acreditación documental polo/a aspirante do requisito de formación práctica específica impartida polo Servizo Galego de Saúde.

Esta formación impartirase polo Servizo Galego de Saúde conforme ao procedemento e instrucións que en desenvolvemento do presente pacto se elaboren no seo da Comisión Central de Seguimento do Pacto.

As xerencias deberán organizar cada ano accións formativas para a prestación de servizos en áreas especiais, debendo informar no seo das comisións periféricas, cunha periodicidade semestral, das accións formativas que prevén realizar e da formación realizada durante ese período.

II.5.3. Inclusión automática nas listas da área especial das persoas aspirantes que solicitan e superan a formación práctica específica.

As persoas aspirantes que, no formulario electrónico de inscrición nas listas teñan solicitado a formación en áreas especiais, logo de recibida e superada esta, incluíranse de oficio como aspirantes admitidos dispoñibles para a formalización de nomeamentos da concreta área especial en que recibiron a formación, na seguinte actualización de listas que se efectúe na respectiva categoría.

II.5.4 Aqueles/as aspirantes que tendo solicitado a través de Fides/expedient-e a inscrición nunha área especial, non acheguen a documentación xustificativa do cumprimento

dos requisitos exixidos para resultar admitidos/as nesta lista nos termos deste Pacto, só resultarán admitidos/as na lista xeral.

II.5.5 Nas listas que se elaboren correspondentes ás categorías indicadas farase constar de forma diferenciada a relación de persoas aspirantes que acreditaron tales méritos e área de acreditación.

II.5.6 A inclusión doutras áreas especiais distintas ás previstas nos parágrafos anteriores requirirá o acordo da Comisión Central de Seguimento do Pacto.

II.6. Nomeamentos de curta duración (*pool*)

Nas categorías de enfermeiro/a, técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría, celador/a e pinche e as demais que se determinen por acordo da Comisión Central de Seguimento do Pacto, poderán elaborarse listas específicas para nomeamentos de curta duración co obxecto de dar cobertura ás necesidades de persoal estatutario producidas como consecuencia de ausencias de carácter urxente e non programado, de duración non superior a 4 días. O número máximo total de días de vinculación por persoa aspirante e mes non será superior a doce.

As listas elaboraranse por centro ou complexo agás na categoría de enfermeiro/a. Nesta última categoría confeccionaranse dúas listas por distrito sanitario, para a prestación de servizos, respectivamente, nos centros de atención primaria e hospitalaria comprendidos no citado ámbito territorial.

As persoas interesadas na formalización de tales nomeamentos deberán facelo constar na respectiva solicitude de inscrición indicando o ámbito de prestación de servizos polo que optan nos termos que se sinalan no parágrafo anterior. Cada persoa aspirante só poderá inscribirse nunha lista de curta duración.

Os centros ou complexos interesados en ditas listas, previo o seu tratamento na comisión periférica da área respectiva, farán a oportuna proposta á comisión central de seguimento do pacto, que resolverá sobre a súa pertinencia e o número de aspirantes que

proceda incluír, en atención ás circunstancias concorrentes e ás necesidades reais de vinculación manifestadas por aqueles.

A inscrición nestas listas é incompatible coa inscrición en listas de área especial.

II.7. Nomeamentos a tempo parcial

As persoas interesadas que soliciten a inclusión nas listas reguladas no presente Pacto deberán facer constar no espazo habilitado ao efecto no modelo de instancia previsto na cláusula II.4.1, a voluntaria aceptación ás ofertas de nomeamentos a tempo parcial que poidan xurdir na categoría e ámbito respectivo.

En defecto de consignación expresa, entenderase que a persoa aspirante non acepta voluntariamente a formalización de dito tipo de nomeamentos.

II.8. Vinculacións de curta duración no ámbito da *Fundación Pública Urgencias Sanitarias-061*

A cobertura das necesidades de vinculación de persoal de enfermería na Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, de duración previsible non superior a 180 días, efectuarase, con carácter preferente, por aquelas persoas aspirantes que, inscritas na lista de dito ámbito fagan constar na solicitude de inscrición e acrediten, nos termos esixidos no presente Pacto, unha experiencia profesional mínima de 60 días no Sistema Nacional de Saúde, como enfermeiro/a nas áreas de urxencias e emerxencias extrahospitalarias tipo SEM, urxencias extrahospitalarias, urxencias hospitalarias, UCI ou reanimación e/ou formación práctica específica, nas referidas áreas, impartida polo Servizo Galego de Saúde e debidamente acreditada.

Poderán equipararse á formación práctica específica impartida polo Servizo Galego de Saúde determinadas titulacións académicas, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e acordo da Comisión Central de Seguimento do Pacto. De tal modo, equipárase á formación práctica específica impartida polo Servizo Galego de Saúde a formación universitaria oficial ou de título propio de máster, experto ou espe-

cialización en coidados críticos, enfermería intensiva ou urxencias hospitalarias, sempre e cando acredite un mínimo de 150 horas de prácticas clínicas na área correspondente e conste realizada nos últimos 10 anos.

A tal efecto, nas listas que se elaboren no citado ámbito farase constar de forma diferenciada a relación de persoas aspirantes que acreditaron o/s indicado/s mérito/s.

III. - XESTIÓN DE CHAMAMENTOS

III.1. Órgano competente

III.1.1 As direccións de Recursos Humanos das áreas sanitarias serán as responsables da coordinación e xestión de chamamentos do seu respectivo ámbito territorial, previa determinación das necesidades de vinculación que efectúen os órganos de dirección dos centros e entidades localizados en dito ámbito.

Dita atribución competencial enténdese sen prexuízo das adaptacións que resulte necesario efectuar respecto da mesma ao abeiro dos decretos de estrutura e ordes de delegación de competencias vixentes en cada momento ou por razóns organizativas.

III.1.2 Como excepción, nas listas de ámbito autonómico correspondentes ás categorías de médico/a coordinador/a do 061, médico/a asistencial do 061 e enfermeiro/a do 061, a coordinación e xestión dos chamamentos efectuaranse pola dirección da *Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061*.

III.2. Procedemento de realización das ofertas de vinculación

III.2.1 Procedemento xeral telemático

A comunicación ás persoas aspirantes das ofertas de vinculación temporal de longa duración ou de bloques de vacacións realizarase prioritariamente utilizando medios telemáticos. No resto das ofertas de vinculación temporal que xurdan, a Dirección Xeral de Recursos Humanos, previo informe á Comisión Central de Seguimento do Pacto e coa de-

bida publicidade, coordinará o momento exacto a partir do cal todas as áreas sanitarias deban ofertar o resto dos vínculos temporais tamén por este procedemento telemático.

A tales efectos, no sistema de información *Fides/expedient-e* ou aplicación informática que, de ser o caso, substitúa a este, habilitarase un módulo específico de contratación telemática, ao que as persoas aspirantes deberán acceder para poder visualizar e seleccionar, por orde de preferencia, as diferentes ofertas de cobertura que se realicen, en todas as listas nas que figure inscrito/a.

Poderán participar neste procedemento telemático todas as persoas dispoñibles e admitidas nas listas de contratación, así como as persoas dispoñibles aínda non admitidas na lista vixente que teñan a súa inscrición en estado validado ou confirmado rexistrado e a súa titulación de acceso validada, cando haxa ofertas de selección temporal para a súa categoría/especialidade. Como regra xeral, recibirán unha previa comunicación vía SMS e/ou correo electrónico as cincuenta primeiras persoas que se atopen dispoñibles para a dita oferta, informándolles de que existen novos nomeamentos temporais dispoñibles. Dita comunicación virá acompañada dun enlace que lles permitirá acceder ó módulo de *Fides/expedient-e* de contratación telemática. Este sistema de alertas poderá ser configurado por cada aspirante segundo as súas preferencias, existindo a posibilidade de silencialo ou, se así o desexa, de que o sistema só o/a avise cando se atope entre un número inferior aos 50 primeiros dispoñibles.

Por causas xustificadas ou de carácter técnico, poderase modificar o número de persoas dispoñibles que recibirán a comunicación prevista no parágrafo anterior.

O acceso a este módulo efectuarase a través de Chave365 ou certificado dixital válido: FNMT, DNI electrónico ou Camerfirma.

Tramo horario de visualización e selección das ofertas de vinculación:

Diariamente, de luns a venres, farase visible a través de *Fides/expedient-e* a oferta de nomeamentos dispoñibles das distintas categorías e ámbitos de xestión.

Nesta oferta, entre outros campos, quedará rexistrada a data na que o nomeamento se inseriu no aplicativo informático e se puxo visible para os/as aspirantes, a data na que se vai a adxudicar o nomeamento e a data na que se iniciará o mesmo.

Os nomeamentos de longa duración e os correspondentes a bloques de vacacións deberán permanecer visibles na aplicación, como mínimo, durante os cinco días hábiles anteriores á data prevista para a adxudicación dos mesmos.

Os demais nomeamentos de curta duración deberán permanecer visibles na aplicación dende polo menos as 17.00 horas do día anterior á data de adxudicación.

O momento da adxudicación dos nomeamentos será sempre de luns a venres entre as 9.01 e as 10.00 horas. Neste tramo horario se asignarán todos os nomeamentos con data de adxudicación dese día, de entre todas as solicitudes presentadas polas persoas participantes ata as 9.00 horas dese mesmo día.

Os prazos e horarios indicados poderán ser obxecto de adaptación cando razóns organizativas debidamente xustificadas así o requiran, previo informe á Comisión Central de Seguimento do Pacto e coa debida publicidade.

De tal modo, a persoa aspirante visualizará todas as ofertas dispoñibles das listas nas que estea inscrita e que, agás no suposto de melloras, non se superpoñan con vínculos xa formalizados.

A visualización desta oferta disporá duns campos de obrigado cumprimento por parte da Administración, como son, entre outros, a categoría/especialidade, o tipo de nomeamento, a data e hora dende a que a oferta é visible na aplicación, a data de adxudicación, a data de inicio do nomeamento, a data de fin (se esta xa estivese fixada), a quenda e o lugar de prestación de servizos (con indicación da unidade e/ou servizo), garantíndose deste modo que a persoa aspirante dispoña da máxima información á hora de escoller entre os diferentes nomeamentos ofertados.

Neste proceso telemático, a persoa aspirante poderá, ata as 9.00 horas do día da adxudicación indicado na oferta, seleccionar o/s nomeamento/s no/s que estea interesada pola orde de preferencia desexada.

Da selección efectuada pola persoa aspirante quedará trazabilidade no sistema de información *Fides/expedient-e*. Ademais, o/a aspirante terá a súa disposición en *Fides/expedient-e* unha copia do formulario coa última selección efectuada.

No suposto de efectuar varias modificacións do formulario de selección antes das 9.00 horas do día da adxudicación, tomarase en conta, para a asignación, a última modificación efectuada pola persoa aspirante.

A falta de selección pola persoa aspirante de todas ou parte das ofertas dispoñibles non dará lugar a ningún tipo de penalización.

Unha hora antes do momento sinalado para a adxudicación automatizada das ofertas de contratación, é dicir, ás 8.00 horas, de existir algunha oferta non seleccionada por ningún aspirante, o sistema enviará un segundo aviso alertando desta circunstancia, de tal modo que o/a aspirante interesado/a poida entrar no sistema e seleccionala. Este segundo aviso, igual que o resto de alertas do procedemento telemático, poderá ser configurado pola persoa interesada, podendo, se así o desexa, silencialo.

Unha vez finalizado o prazo de selección, o sistema procederá á adxudicación automatizada das ofertas de contratación visibles en cada xornada, entre os/as aspirantes que tiveran participado no proceso, en función da súa orde de posición nas listas.

No suposto de resultar adxudicatario/a dalgún nomeamento, o/a interesado/a recibirá confirmación vía sms e/ou correo electrónico de tal feito, ademais do enlace para a visualización do nomeamento temporal asignado e unha indicación coa data, hora, lugar e servizo onde debe presentarse para o inicio da prestación.

O/a aspirante que resultando adxudicatario/a dun nomeamento non se incorpore á prestación de servizos na data sinalada, salvo causa sobrevida e acreditada relacionada coa

súa capacidade funcional (suposto no que se lle aplicará o réxime de suspensión de chamamentos), ou renuncie a el posteriormente, será penalizado/a nos termos dispostos na cláusula IV do presente Pacto.

III.2.2 Procedemento mediante comunicación telefónica subsidiario do telemático

Finalizado o procedemento de adxudicación automatizada de cada xornada, se resultasen ofertas de nomeamentos sen adxudicar que pola proximidade na súa data de inicio non fose posible incluír no seguinte ciclo de contratación telemática ou non se estime efectivo volver a ofertalas por este procedemento telemático, procederase á cobertura das mesmas mediante chamamento telefónico.

A tal efecto, o órgano competente da xestión de chamamentos efectuará dúas chamadas por persoa aspirante, segundo a orde de prelación que corresponda consonte as normas establecidas no presente Pacto, nas que se procurará que o intervalo entre cada unha delas non sexa inferior a 10 minutos. Se realizadas estas non se tivese contactado coa persoa aspirante, poderán seguirse os chamamentos pola orde correspondente.

Toda comunicación telefónica que se efectúe quedará debidamente rexistrada, deixando constancia da data e hora de realización, o obxecto da chamada así como a identidade da persoa que realiza a mesma. Así mesmo reflectirá a identidade da persoa receptora da chamada, de ser distinta da persoa aspirante.

O rexeitamento ao nomeamento proposto, sen causa xustificada, penalizarase nos termos dispostos na cláusula IV do presente Pacto.

III.2.3 Excepcións ao procedemento xeral telemático

a) No caso de que por imposibilidade técnica ou circunstancias sobrevidas o procedemento xeral telemático non estivese operativo, este será substituído directamente polo procedemento de comunicación telefónica que se explica a continuación. De igual modo, esta excepción tamén será aplicable cando, aínda estando operativo o procedemento telemático, o órgano competente considere máis adecuada a comunicación telefónica coa

persoa aspirante, ben porque a urxencia na data de inicio dos contratos impide a súa incorporación ao procedemento telemático cumprindo os prazos indicados no apartado III.2.1. e/ou ben por unha situación puntual e anómala debidamente xustificada.

Nestes supostos, a regulación do procedemento de comunicación telefónica será a seguinte:

Nos chamamentos de carácter urxente efectuaranse dúas chamadas. Se realizadas estas non se tivese contactado coa persoa aspirante, poderán seguirse os chamamentos pola orde correspondente.

Nos restantes chamamentos nos que medie un prazo de antelación suficiente á data de inicio do vínculo, efectuaranse un mínimo de tres chamadas, nas que se procurará que o intervalo entre cada unha delas non sexa inferior a 15 minutos. A realización de ditas chamadas sen que fose posible a localización da persoa aspirante, habilitará para continuar os chamamentos pola orde correspondente. Nestes supostos, se o chamamento se efectúa cunha antelación inferior a 3 horas ao inicio da prestación de servizos, a aceptación será voluntaria para o/a aspirante en primeiro chamamento e obrigatoria en segundo chamamento.

Con carácter xeral, a persoa aspirante localizada deberá comunicar a aceptación do nomeamento proposto no momento do chamamento, agás en supostos excepcionais en que, a criterio do órgano que efectúe o chamamento e sempre que medie un prazo de antelación suficiente ao inicio da vinculación, dito prazo poida ser ampliado.

A falta de confirmación pola persoa aspirante nos prazos indicados, así como o rexeitamento ao nomeamento proposto, sen causa xustificada, penalizarase nos termos dispostos na cláusula IV do presente Pacto.

O persoal das unidades responsables de efectuar os chamamentos informarán ás persoas aspirantes sobre as características e condicións das vinculacións que se ofrecen. Así mesmo, de ser o caso e darse algunha das circunstancias contempladas nos apartados

III.5 ou IV deste Pacto, este persoal informará tamén ás persoas aspirantes se ao finalizar esta comunicación telefónica se lles vai a aplicar unha suspensión de chamamentos ou calquera tipo de penalización.

Toda comunicación telefónica que se efectúe quedará debidamente rexistrada, deixando constancia da data e hora de realización, o obxecto da chamada así como a identidade da persoa que realiza a mesma. Así mesmo reflectirá a identidade da persoa receptora da chamada, de ser distinta da persoa aspirante.

b) Igualmente, e tamén como excepción ao procedemento xeral telemático previsto no presente pacto, o procedemento a través de comunicación telefónica será o ordinario para a cobertura dos nomeamentos de curta duración (pool) así como para a cobertura de prazas reservadas á quenda de discapacidade intelectual. Neste último suposto, procurarase que as ofertas de cobertura se efectúen cunha antelación mínima de 7 días ao inicio da vinculación e que o intervalo entre chamadas non sexa inferior a 30 minutos.

III.2.4 Disposicións comúns a ambos procedementos

O/s teléfono/s e correos electrónicos que figuren no sistema informático *Fides/expedient-e* consideraranse os únicos válidos a efectos de comunicación de ofertas, sendo responsabilidade exclusiva da persoa solicitante os erros na consignación dos mesmos e a comunicación de calquera cambio que se produza en ditos datos.

III.3. Criterios de ordenación para a adxudicación automatizada dos nomeamentos e a realización do chamamento telefónico

III.3.1 Norma xeral

A adxudicación automatizada dos nomeamentos así como, de ser o caso, o chamamento telefónico efectuaranse seguindo rigorosamente a orde de puntuación acreditada polas persoas aspirantes, en cada ámbito, sen prexuízo dos supostos de suspensión e as disposicións especiais previstas na cláusula III.3.2 do presente pacto.

A persoa aspirante para resultar adxudicataria dun vínculo de carácter temporal deberá reunir, na data de formalización de cada nomeamento, os requisitos exixidos na cláusula II.1.1 do presente pacto.

III.3.2 Disposicións especiais

III.3.2.1 Listas de ámbito autonómico

Nos supostos de listas de ámbito autonómico, excepto as correspondentes á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, a adxudicación automatizada dos nomeamentos ou, de ser o caso o chamamento telefónico, efectuaranse, en primeiro lugar, entre os/as aspirantes que seleccionasen como distrito de opción preferente aquel no que se produce a necesidade da concreta vinculación.

En segunda volta, efectuaranse por rigorosa orde de prelación na lista, con independencia da opción de preferencia manifestada polo/a aspirante.

As persoas aspirantes vinculadas nun distrito poderán resultar adxudicatarias dos vínculos de longa duración que xurdan noutro/s distrito/s seleccionado/s como preferente/s. A aceptación do nomeamento nun distrito distinto ao de vinculación terá carácter voluntario. No suposto de renuncia, a persoa aspirante permanecerá como indispoñible para sucesivas ofertas de nomeamento nese mesmo distrito ata a finalización do seu vínculo.

III.3.2.2 Listas compatibles

1. Ás persoas aspirantes admitidas en listas compatibles que estean vinculadas por un nomeamento de curta ou longa duración nunha destas categorías ofertaráselles os vínculos de longa duración da categoría compatible do mesmo ou superior nivel de clasificación.

2. Se a persoa aspirante renuncia a un nomeamento de longa duración na outra categoría de inscrición, permanecerá como indispoñible para sucesivos nomeamentos deste tipo nesta última categoría ata a finalización do seu vínculo.

III.3.2.3 Promoción profesional

En cada categoría e distrito, o 50% dos nomeamentos estatutarios que se estimen inicialmente de duración igual ou superior a 60 días, que resulte necesario formalizar, expediranse a favor das persoas aspirantes que figuren admitidas pola quenda de promoción profesional.

Para a adxudicación de tales nomeamentos seguirase en cada distrito e categoría a orde de puntuación acreditada, sen prexuízo dos supostos de suspensión regulados neste pacto.

Nas listas de ámbito de área sanitaria e de ámbito autonómico, excepto as correspondentes á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, a alternancia do 50% entre os chamamentos da quenda de promoción profesional e da quenda libre sempre se efectuarán por categoría e distrito sanitario.

A alternancia entre a quenda libre e a quenda de promoción profesional nun distrito sanitario debe facerse tendo en conta a duración do vínculo, diferenciando de modo independente entre estes dous bloques:

- Vínculos de duración entre 60 días e menos dun ano.
- Vínculos de longa duración.

III.3.2.4 Áreas especiais

Os nomeamentos para tales áreas efectuaranse seguindo a orde de prelación da lista e a favor das persoas que acrediten a experiencia e/ou formación requiridas no apartado II.5 do presente pacto.

Só poderán formalizarse nomeamentos ao abeiro da presente epígrafe para o desenvolvemento de funcións nas área que se indican no punto II.5 do presente pacto e sempre que quede debidamente xustificada a necesidade da súa cobertura por profesional que acredite experiencia e/ou formación no citado ámbito.

En todo caso, excluírase de tal sistema as coberturas de duración previsible superior a 180 días, que se proverán na forma ordinaria.

En caso de non existir aspirantes dispoñibles nas listas definitivas dunha área especial, acudirase en primeiro lugar a aqueles/as aspirantes admitidos nas listas vixentes da respectiva categoría e que, con posterioridade á data da última xeración, nos termos dispostos no punto II.5, solicitaron e superaron a formación ou teñan acreditada unha experiencia profesional mínima na concreta área e categoría. Neste suposto serán as propias persoas aspirantes que cumpran ditos requisitos as que deban solicitar ás áreas sanitarias a súa inclusión neste listado intermedio, e a súa ordenación virá determinada pola posición que ocupan na lista xeral. Da evolución deste listado darase a debida información na correspondente comisión periférica.

Esgotados tamén os/as aspirantes indicados no parágrafo anterior, ofertaranse as coberturas en dita área especial a través da lista xeral do respectivo distrito.

III.3.2.5 Nomeamentos de curta duración (pool)

O chamamento das persoas aspirantes incluídas nas listas especiais para nomeamentos de curta duración previstas na cláusula II.6 do presente pacto levaraa a cabo o órgano da respectiva área sanitaria, con competencias en materia de recursos humanos, que determine a respectiva xerencia, seguindo rigorosamente a orde de puntuación acadada por aquelas e de forma rotatoria entre as persoas que figuren como titulares na lista correspondente.

Cada nomeamento que se expida a favor das persoas aspirantes incluídas nas citadas listas non poderá exceder os catro días. O número máximo total de días de vinculación por persoa aspirante e mes non será superior a doce.

A incorporación da persoa aspirante a unha lista especial para nomeamentos de curta duración non afectará a súa dispoñibilidade para as vinculacións de duración previsible igual ou superior a 90 días que lle correspondan pola orde de prelación que ocupen na lista xeral.

A formalización de nomeamentos a tempo parcial efectuarase con carácter preferente entre aqueles/as aspirantes admitidos/as nas listas de curta duración que tiveran manifestado voluntariamente a súa dispoñibilidade para este tipo de vinculacións.

III.3.2.6 Nomeamentos a tempo parcial

1. A adxudicación de nomeamentos a tempo parcial nos centros e institucións do Sistema Público de Saúde de Galicia efectuarase a favor das persoas aspirantes que manifestasen expresamente, nos termos da cláusula II.7 do presente pacto, a súa opción de dispoñibilidade á formalización do dito tipo de vínculos, respectando a orde de puntuación acadada.

O rexeitamento, sen causa xustificada, á proposta de nomeamento efectuada telefonicamente penalizarase nos termos dispostos no apartado IV.1 do presente pacto.

2. Nos supostos de indispoñibilidade de profesionais con opción voluntaria á formalización de nomeamentos a tempo parcial, os chamamentos efectuaranse entre as persoas aspirantes que figuren inscritas na lista da respectiva categoría, con independencia da opción formulada e seguindo rigorosamente a orde de puntuación. A renuncia ao nomeamento proposto penalizarase nos termos do apartado IV do presente pacto. Non obstante, neste suposto, e previa solicitude do/a interesado/a, a persoa vinculada quedará dispoñible para calquera oferta a xornada completa que lle corresponda polo seu número de orde na lista. Neste caso, efectuada dita solicitude, a

non aceptación da oferta de nomeamento a xornada completa comportará a aplicación do réxime de penalización disposto neste Pacto de selección temporal.

III.3.2.7 Mellora de vinculación

A formalización de nomeamentos de longa duración -interinidade en praza vacante ou calquera outro de duración inicial previsible igual ou superior ao ano-, a xornada completa, ofertarase, en todo caso, á persoa que acredite a maior puntuación na lista do distrito sanitario ou ámbito territorial que corresponda, con independencia de que aquela estea vinculada, ao tempo do chamamento:

- a) Por un nomeamento estatutario temporal a xornada completa de duración inferior ao ano.
- b) Por un nomeamento a tempo parcial calquera que sexa a súa duración.

Así mesmo, e como excepción ao establecido con carácter xeral neste pacto respecto da suspensión de chamamentos, no suposto de nacemento de fillo/a, adopción legal, risco durante o embarazo, incapacidade temporal común derivada de embarazo e incapacidade común derivada dun proceso oncolóxico, ofertaráselle á persoa aspirante os nomeamentos correspondentes a súa categoría. De corresponderlle a adxudicación dun vínculo, segundo a orde de prelación que ocupa na lista, formalizarase o correspondente nomeamento desde a data prevista de inicio da prestación de servizos naqueles supostos nos que a normativa da Seguridade Social así o permita. Ademais, se recoñecerá en todos os supostos como tempo traballado para os efectos administrativos o período de duración dos vínculos que, pola súa orde de posición na lista, lle correspondesen.

III.3.2.8 Nomeamentos de curta duración no ámbito da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061

Os nomeamentos para prestar servizos como enfermeiro/a na Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, de duración previsible non superior a 180 días efectuaranse, con carácter preferente, a favor das persoas aspirantes que, por rigorosa

orde de prelación, tivesen acreditado a experiencia e/ou formación requiridas no apartado II.8 do presente pacto.

III.3.2.9 Nomeamentos en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.

O chamamento efectuarase, en primeiro lugar, por orde de prelación, entre os/as aspirantes que tiveran seleccionado como distrito sanitario de opción preferente aquel en que se produce a necesidade da concreta vinculación. Na segunda volta, o chamamento efectuarase por rigorosa orde de prelación na lista, con independencia da opción de preferencia manifestada pola persoa aspirante.

Procurarase que o chamamento das persoas aspirantes se efectúe cunha antelación mínima de sete días ao inicio da vinculación.

A renuncia por un/unha aspirante desta lista a un nomeamento fóra da súa localidade de residencia habitual non dará lugar a ningún tipo de penalización.

III.4. Indispoñibilidade transitoria de aspirantes

No suposto de indispoñibilidade de aspirantes nunha determinada categoría e ámbito territorial e ata a seguinte xeración de listas que se efectúe segundo o disposto no apartado II.4.4 do presente Pacto, deberá procederse segundo a orde que se indica a continuación:

1º.- En primeiro lugar, se a oferta de nomeamento é inferior a 90 días acudirase ás persoas que figuren como titulares na lista de nomeamentos de curta duración (pool) na lista da respectiva categoría e distrito.

2º.- En segundo lugar, se a oferta de nomeamento é inferior a 60 días acudirase aos aspirantes admitidos na lista da respectiva categoría e distrito, pola quenda de promoción profesional.

3º.- Non existindo aspirantes da mesma categoría nos apartados anteriores, deberá procederse da seguinte forma:

Naquelas categorías para cuxo ingreso se requira unha titulación académica específica, efectuarase o chamamento a favor daqueles/as aspirantes que estean en posesión do dito título e que tivesen formalizado en *Fides/expedient-e* a solicitude de inscrición nas listas de selección temporal/promoción profesional da categoría con posterioridade á data límite de inscrición para as listas en vigor nese momento e tamén con posterioridade á data de obtención de dita titulación académica específica (no suposto de que a persoa aspirante registre a su inscrición en listas antes da data de obtención de dita titulación académica específica, o aplicativo informático equipará esta data de rexistro e a data interna de alta coa data de obtención da titulación académica específica requisito de acceso).

No suposto indicado no parágrafo anterior a ordenación dos/das aspirantes en cada distrito efectuarase en primeiro lugar tendo en conta a puntuación acadada polo/a aspirante na última OPE convocada e resolta polo Servizo Galego de Saúde na categoría á que opta. A continuación a ordenación dos aspirantes efectuarase pola data de obtención do título/especialidade, de modo tal que o/a aspirantes coa data de obtención do título anterior se situará no primeiro lugar da orde de prelación. En caso de empate, efectuarase a ordenación das persoas aspirantes por orde alfabética a partir da letra vixente indicada na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se fai público o sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Por último, en caso de manterse o empate, efectuarase a ordenación, en primeiro lugar, pola data de rexistro da inscrición e, de persistir igualmente o empate, pola data interna de alta da inscrición en *Fides/expedient-e*, e situarase en ambos os supostos a máis recente en último lugar.

Naquelas categorías para cuxo ingreso non se requira unha titulación específica de acceso, efectuarase o chamamento a favor daqueles/as aspirantes que tivesen formalizado

en *Fides/expedient-e* a solicitude de inscrición en listas de selección temporal/promoción profesional da categoría con posterioridade á data límite de inscrición para as listas en vigor nese momento. A ordenación dos/das aspirantes en cada distrito efectuarase en primeiro lugar tendo en conta a puntuación acadada polo/a aspirante na última OPE convocada e resolta polo Servizo Galego de Saúde na categoría á que opta. En caso de empate, efectuarase a ordenación, en primeiro lugar, pola data de rexistro da inscrición e, de persistir o empate, pola data interna de alta da inscrición en *Fides/expedient-e*, e situarase en ambos os supostos a máis recente en último lugar.

Respectarase nos chamamentos a efectuar por este criterio a mesma alternancia, promoción profesional e acceso libre que se contén no apartado III.3.2.3 do Pacto.

4º.- A continuación acudirse á utilización das listas desa categoría dos distritos de xestión máis próximos.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, considéranse distritos de xestión máis próximos, ou distritos limítrofes, os que se determinan, respecto de cada distrito concreto, no anexo IV deste pacto.

As persoas aspirantes poderán facer constar no formulario de inscrición en lista a súa dispoñibilidade para prestar servizos fóra do distrito orixinario de adscrición, conforme a orde de prelación indicada no anexo IV.

Mostrada a súa predisposición no formulario de inscrición, en primeiro lugar acudirse ás persoas aspirantes que teñan manifestada a súa dispoñibilidade para a prestación de servizos en distritos limítrofes, sendo neste caso motivo de penalización o rexeitamento da oferta de contratación temporal a xornada completa.

A continuación, en segundo lugar, acudirse ás persoas aspirantes que non teñan manifestada a súa dispoñibilidade para a prestación de servizos en distritos limítrofes, sendo neste caso totalmente voluntaria a aceptación desta oferta de contratación temporal.

Previamente a efectuar o chamamento verificarase que no distrito de inscrición do/da aspirante se dispón de persoal dispoñible.

5º.- A continuación, en quinto lugar, serán subsidiarias entre si aos efectos da formalización de nomeamentos as listas de persoas aspirantes das categorías que se detallan no anexo II deste Pacto.

6º.- Por último, en casos excepcionais e por indispoñibilidade de aspirantes, as xerencias/direccións poderán ofertar aos/ás profesionais cun nomeamento de interinidade ou substitución, que dispoñan ademais da titulación académica que lles habilite para o acceso ás funcións doutra categoría do mesmo ou superior nivel de titulación, nomeamentos temporais correspondentes a esta última categoría, sen que resulte afectada, por este motivo, a vixencia do nomeamento da categoría de orixe. A aceptación do nomeamento será voluntaria para o/a aspirante.

No caso de que as xerencias/direccións procedan á activación deste último suposto 6º, informarán do mesmo na correspondente comisión periférica.

III.5. Suspensión de chamamentos

III.5.1. Solicitude e reposición

III.5.1.1 Réxime xeral:

A persoa aspirante poderá solicitar a suspensión de chamamentos voluntaria e sen penalización da lista da categoría/especialidade de contratación temporal na que estea inscrita. No caso de estar inscrita en máis dunha categoría/especialidade compatibles, poderá indicar en cal ou cales delas desexa poñerse en suspensión.

Dita suspensión deberán comunicala, en espera do desenvolvemento técnico a través do programa Fides/expedient-e dunha canle de comunicación directa, por medio do enderezo de correo electrónico que cada xerencia habilitará para tal finalidade e do que se dará publicidade a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde.

A suspensión de chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunique a súa dispoñibilidade.

A tal efecto, a persoa interesada deberá presentar solicitude de reposición ante o órgano competente.

Tanto para a suspensión como para a reposición na lista, entenderase como órgano competente:

- No caso de existir chamamento de por medio: o órgano que efectuou o chamamento.
- No caso de non existir chamamento de por medio:
 - De tratarse de listas de ámbito de distrito sanitario ou área sanitaria: o órgano do distrito seleccionado.
 - De tratarse de listas de ámbito autonómico: o órgano do distrito seleccionado ou, no caso de ter seleccionados máis dun distrito preferente, o órgano do distrito ao que enviou a súa solicitude de inscrición na categoría/especialidade correspondente.

As reposicións en lista derivadas das solicitudes presentadas entre o día 1 e 15 de cada mes activaranse con efectos do día 1 do mes seguinte e as presentadas entre o día 16 e o último día de cada mes faranse efectivas o día 15 do mes seguinte.

III.5.1.2 Réxime de reactivación automática:

En contraposición co indicado no punto anterior, se a persoa interesada comunica e acredita documentalmente ante o órgano competente, no prazo máximo de catro días hábiles dende a data do feito causante (considerando este como a data na que se efectúa a oferta de nomeamento), que o motivo da suspensión garda relación con algúns dos supostos enumerados a continuación, a reactivación na lista terá carácter automático a partir do día seguinte á finalización do mesmo.

Os supostos de reactivación automática serán os seguintes:

A)

- Falecemento.
- Hospitalización por enfermidade grave.
- Cumprimento dun deber inescusable.
- Consulta médica nun centro de atención especializada do Servizo Galego de Saúde.
- Concorrenza a exames de probas selectivas de persoal convocadas polas administracións públicas ou exames liberatorios de titulacións académicas oficiais.
- Matrimonio ou unión de feito.

O alcance e duración destas suspensións de reactivación automática quedará regulado segundo o indicado na normativa vixente para cada un destes supostos.

B)

- Hospitalización por enfermidade grave da persoa aspirantes: neste suposto aceptarase a reactivación automática tras a correspondente alta médica derivada da dita hospitalización.

En todos os supostos anteriores, a falta de acreditación en forma e prazo determinará a aplicación do réxime de reincorporación previsto no punto III.5.1.1 e poderase revogar o eventual nomeamento que, de ser o caso, se tivese producido entre o remate do prazo de suspensión e a finalización do prazo de acreditación documental deste, sen que tal acreditación se producise ou esta se efectuase incorrectamente.

III.5.2. Extensión de efectos: A suspensión de chamamentos estenderase a todas as listas nas que figure inscrita a persoa aspirante na categoría/especialidade solicitada, podendo figurar ao mesmo tempo de alta nas listas dunha categoría/especialidade e en suspensión nas listas doutra categoría/especialidade compatible.

Como excepción, as persoas aspirantes que figurando inscritas nas listas especiais de curta duración previstas no apartado II.6 do presente Pacto, acrediten ante a xerencia do seu distrito sanitario a concorrencia sobrevida do suposto nacemento de fillo/a ou adopción legal, e/ou acrediten informe favorable e sobrevido da UPRL ou órgano competente, poderán solicitar a suspensión de chamamentos sen penalización para nomeamentos de curta duración, manténdose como dispoñibles para nomeamentos correspondentes á lista xeral da respectiva categoría. Dos supostos de excepción estimados consonte o indicado neste parágrafo darase a debida información na comisión periférica correspondente.

III.5.3. Co obxecto de garantir o normal funcionamento das institucións, e coa excepción relacionada no primeiro parágrafo dos puntos IV.1.1 e IV.1.2 relativa á suspensión xeral de chamamentos por causa sobrevida e acreditada da perda do requisito da capacidade funcional, a Administración poderá limitar temporalmente o réxime de suspensións indicado na norma III.5.1.1 nos supostos de indispoñibilidade transitoria de aspirantes nunha concreta categoría ou ámbito territorial determinado, especialmente se ditas suspensións abranguen o período estival (meses de xuño, xullo, agosto e setembro), Nadal (do 15 de decembro ao 15 de xaneiro) e Semana Santa (unicamente dita semana, é dicir, dende o domingo de Pascua ata o luns inmediatamente anterior). Da aplicación de dita limitación deberá informarse en comisión periférica, xustificando o carácter temporal da mesma e non podendo ser indefinida.

Así mesmo, con carácter excepcional, de constatarse unha situación de indispoñibilidade de aspirantes nunha determinada categoría ou ámbito territorial, poderá suspenderse a aplicación do prazo de activación en lista previsto na norma III.5.1.1.

III.6. Formalización do nomeamento e período de proba

III.6.1.- A Administración, a través do órgano competente, expedirá a favor da persoa aspirante que acepte o chamamento, o oportuno nomeamento estatutario na modalidade

que corresponda conforme á normativa vixente e que determinará a integración do profesional nomeado no réxime organizativo e de funcionamento interno do centro ou unidade no que desenvolverá a súa actividade.

III.6.2.- Nos nomeamentos que se expidan estipularase un período de proba para o persoal estatutario temporal, nos termos do artigo 33.3 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, pola que se aproba o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, durante o que será posible a resolución da relación estatutaria a instancia de calquera das partes.

Cando unha persoa aspirante sexa cesada pola non superación do período de proba que no nomeamento se estipule, estarase ao disposto na cláusula IV.2 do presente Pacto.

Estarán exentas do período de proba as persoas aspirantes que xa o tivesen superado con ocasión dun anterior nomeamento temporal para a realización de funcións das mesmas características no Servizo Galego de Saúde nos dous anos anteriores á expedición do novo nomeamento.

III.7. Revogación de nomeamentos

De constatarse un erro material ou de feito no chamamento e posterior vinculación en favor dunha persoa que pola súa orde de puntuación non lle corresponde, procederase, no prazo dos quince días seguintes ao inicio da vinculación, á revogación do nomeamento expedido.

Así mesmo, constituirá causa de revogación do nomeamento que se expida, a falta de incorporación efectiva do profesional ao desenvolvemento das funcións propias do posto para o que foi designado.

IV.- RÉXIME DE PENALIZACIÓNS

IV.1. Por renuncia ao nomeamento

IV.1.1 Procedemento telemático

Tal e como se indica na cláusula III.2.1, no procedemento xeral telemático a falta de selección pola persoa aspirante de todas ou parte das ofertas dispoñibles non dará lugar a ningún tipo de penalización. Agora ben, o/a aspirante que resultando adxudicatario/a dun nomeamento non se incorpore á prestación de servizos na data sinalada, salvo causa sobrevida e acreditada relacionada coa súa capacidade funcional (suposto no que se lle aplicará o réxime de suspensión de chamamentos), ou renuncie a el posteriormente, será penalizado/a pasando ao cabo de lista da súa categoría.

No caso de concorrer unha segunda renuncia, estando vixente a primeira, será penalizado/a coa exclusión da lista desta categoría.

A penalización acordada por un ou outro motivo, que se estenderá a todas as listas nas que figure admitida a persoa aspirante na respectiva categoría, terá unha duración dun ano, contado desde que a medida se fai efectiva e será notificada á persoa aspirante e á respectiva comisión periférica de seguimento do pacto.

IV.1.2 Procedemento non telemático

Nos supostos das cláusulas III.2.2 e III.2.3, será penalizada, pasando ao cabo da lista da súa categoría, a persoa aspirante que renuncie por primeira vez a unha oferta de vinculación, salvo causa sobrevida e acreditada relacionada coa súa capacidade funcional (suposto no que se lle aplicará o réxime de suspensión de chamamentos), ou nomeamento xa formalizado, no distrito de inscrición ou en distrito/s limítrofe/s nos supostos de indispoñibilidade transitoria de aspirantes.

No caso de concorrer unha segunda renuncia, estando vixente a primeira, será penalizada coa exclusión da lista desta categoría.

A penalización acordada por un ou outro motivo, que se estenderá a todas as listas nas que figure admitida a persoa aspirante na respectiva categoría, terá unha duración dun ano, contado desde que a medida se fai efectiva e será notificada á persoa aspirante e á respectiva comisión periférica de seguimento do pacto.

O réxime de penalización previsto nos parágrafos anteriores aplicarase así mesmo ás persoas aspirantes que, no prazo que se indica nas cláusulas III.2.2 e III.2.3 non comuniquen a aceptación da proposta de nomeamento ou non atendan dez ou máis chamadas para oferta de vinculación/s realizadas no intervalo de 30 días naturais, a contar desde o día seguinte a aquel no que se efectúe a primeira chamada non atendida.

Nos chamamentos de carácter urxente efectuaranse dúas chamadas. Para os efectos do cómputo de penalización, neste tipo de chamamentos tan só se poderá contabilizar unha chamada como non atendida en cada día. Se realizadas as dúas chamadas non se tivese contactado coa persoa aspirante, poderán seguirse os chamamentos pola orde correspondente.

Nos chamamentos non urxentes, de facérense máis de tres chamadas nun día, só se contabilizará para efectos de penalización un máximo de tres chamadas non atendidas para ese aspirante e para ese día, sempre que entre elas medien 15 minutos. Realizadas tres chamadas con intervalo inferior a 15 minutos, o órgano competente poderá continuar co chamamento á seguinte persoa dispoñible pola orde da lista, pero só poderá contabilizar para efectos de penalización unha única chamada.

En ningún caso se poderán contabilizar, para os efectos de penalización, máis de tres chamadas non atendidas por aspirante e día, xa deriven de chamamentos urxentes ou non. Ademais, a aceptación dunha nova oferta de contratación temporal implicará, para os efectos desta penalización por número de chamadas non atendidas, o reinicio do cómputo das mesmas.

IV.2. Pola non superación do período de proba

Cando unha persoa aspirante sexa cesada pola non superación do período de proba que no nomeamento se estipule, quedará automaticamente excluída da lista desa categoría. Os prazos desta exclusión serán os regulado no punto IV.4 deste Pacto.

Os centros sanitarios deberán notificar motivadamente á persoa afectada o seu cese por dita causa, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para que esta, de estar interesada, presente alegacións.

A Comisión Periférica de Seguimento do Pacto poderá, motivadamente, revisar a aplicación de tal medida de exclusión naqueles supostos en que, polas circunstancias conconrentes se considere oportuno, así como acordar as medidas adicionais que se estimen convenientes.

Os centros sanitarios deberán comunicar á comisión periférica de seguimento do pacto, no prazo dos dez días seguintes, os cesamentos que se produzan por tal motivo e, de existiren, as circunstancias que razoablemente motiven a revisión da medida de exclusión prevista no parágrafo primeiro.

Nos supostos de cesamento por non superación do período de proba nos que se teña manifestado unha falta de pericia do profesional na realización de técnicas ou tarefas básicas da categoría para a que resultou nomeado, a Dirección do centro poderá ofrecer á persoa interesada a realización dun ciclo de prácticas tuteladas, debendo informar da súa realización e dos resultados da mesma á respectiva Comisión Periférica de seguimento do pacto, aos efectos do disposto no parágrafo segundo da presente cláusula.

De resultar viable e tras solicitude da persoa afectada, este ciclo de prácticas tuteladas poderá realizarse baixo a tutela dunha persoa allea ao servizo onde se fixo o nomeamento.

Igual que no cese por non superación do período de proba, os centros sanitarios deberán notificar motivadamente á persoa afectada a non superación deste ciclo de prácticas tuteladas.

A superación do ciclo de prácticas tuteladas suporá a restitución automática desta persoa á lista de selección temporal da categoría correspondente.

IV.3. Por incumprimento grave

IV.3.1.- Na condición de aspirante en lista.- Serán excluídas da lista as persoas aspirantes que incorresen en incumprimentos graves derivados da súa calidade de persoa aspirante inscrita na lista da categoría correspondente. Os prazos desta exclusión serán os regulado no punto IV.4 deste Pacto.

A tales efectos, considérase incumprimento grave, ademais das condutas tipificadas como faltas graves e moi graves na Lei 55/2003, do 16 de decembro, pola que se aproba o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, calquera outra que puidese ser constitutiva dun ilícito penal ou infracción administrativa grave ou moi grave dirixidos a modificar a posición da persoa aspirante na lista ou a xerar indebidamente o dereito a figurar inscrita na mesma.

IV.3.2.- No desenvolvemento da prestación de servizos.- Así mesmo, serán excluídas da lista as persoas aspirantes que incorresen en incumprimentos graves no desempeño concreto do posto de traballo para o que resultasen nomeadas. Os prazos desta exclusión serán os regulado no punto IV.4 deste Pacto.

A tales efectos, considéranse incumprimentos graves todas as condutas cualificadas como faltas graves ou moi graves na Lei 55/2003, do 16 de decembro, pola que se aproba o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

IV.3.3.- Procedemento de exclusión.- Para facer efectivas as exclusións derivadas dos citados incumprimentos, seguirase un procedemento ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, con participación preceptiva da comisión central de seguimento do pacto e no que se garantirá, en todo caso, a audiencia da persoa afectada.

A Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, unha vez incoado o procedemento de exclusión, poderá adoptar a medida cautelar consistente na suspensión dos chamamentos do/a aspirante incurso/a nel.

Tras a ultimación do expediente, o citado órgano ditará unha resolución na que se pronunciará sobre a exclusión da persoa aspirante ou sobre o sobresemento do expediente.

No suposto de exclusión, a resolución que se dite deberá motivar se dita penalización atinxe só á categoría/especialidade en litixio ou se estende tamén ás demais categorías/especialidades do Servizo Galego de Saúde.

A resolución administrativa que se dite poderá acordar, con carácter excepcional e motivadamente, a exclusión da persoa aspirante para chamamentos referidos a un determinado ámbito. En tal suposto, a citada resolución deberá contemplar as medidas adicionais de adaptación profesional e/ou formación que se consideren oportunas.

A citada medida de exclusión tamén será acordada con carácter adicional á resolución que se adopte nos expedientes disciplinarios incoados por mor da comisión de faltas graves e moi graves.

IV.4. Prazos de exclusión de listas

Resolta a exclusión da persoa aspirante, os prazos nos que esta deberá permanecer excluída das listas de selección temporal derivadas deste pacto serán os seguintes:

a) Por renuncia ao nomeamento (cláusula IV.1): un ano, na categoría/especialidade afectada. A suma de tres penalizacións por este motivo suporá a exclusión indefinida da categoría/especialidade.

b) Pola non superación do período de proba (cláusula IV.2): dous anos, na categoría/especialidade afectada. A suma de tres penalizacións por este motivo suporá a exclusión indefinida da categoría/especialidade.

c) Por incumprimento grave (cláusulas IV.3.1 e IV.3.2):

- Seis anos se a falta resulta cualificada como grave. A suma de dúas penalizacións por este motivo suporá a exclusión indefinida.

- Indefinidamente se a falta resulta cualificada como moi grave.

Nestes supostos recollidos no punto c), a resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos pola que se dite a exclusión da persoa aspirante deberá motivar se dita penalización atinxe só á categoría/especialidade en litixio ou se estende tamén ás demais categorías/especialidades do Servizo Galego de Saúde.

IV.5. Reincorporación en lista tras exclusión

As persoas aspirantes poderán reincorporarse á lista da categoría/especialidade excluída segundo o procedemento indicado a continuación:

- No suposto indicado no apartado IV.4.a:

Transcorrido o ano de exclusión da categoría/especialidade, a reincorporación á mesma será automática, sen necesidade de que a persoa interesada realice unha nova inscrición.

Neste suposto non se admitirá a solicitude de reincorporación antes do transcurso do ano.

Se a persoa interesada quere reincorporarse tras ser excluída pola suma das tres penalizacións indicadas neste suposto, deberá solicitar autorización para dita reincorporación ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde. Dito órgano resolverá expresamente as solicitudes presentadas, logo do seu tratamento na Comisión Central de Seguimento do Pacto. A falta de resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas. No suposto de resolverse favorablemente dita solicitude, a persoa interesada deberá proceder a inscribirse novamente na lista desta categoría.

- No suposto indicado no apartado IV.4.b:

Transcorridos os dous anos de exclusión da categoría/especialidade, a reincorporación á mesma implicará a realización dunha nova inscrición por parte da persoa interesada.

Se a persoa interesada quere reincorporarse antes da finalización do prazo dos dous anos, deberá solicitar autorización para dita reincorporación ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde. Dito órgano resolverá expresamente as

solicitudes presentadas, logo do seu tratamento na Comisión Central de Seguimento do Pacto. A falta de resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas. No suposto de resolverse favorablemente dita solicitude, a persoa interesada deberá proceder a inscribirse novamente na lista desta categoría.

Neste suposto non se admitirá a solicitude de reincorporación se a causa de exclusión da lista deriva da suma das tres penalizacións indicadas neste apartado.

- No suposto indicado no apartado IV.4.c:

Transcorridos os seis anos de exclusión da categoría/especialidade, a reincorporación á mesma implicará a realización dunha nova inscrición por parte da persoa interesada.

Se a persoa interesada quere reincorporarse antes da finalización do prazo dos seis anos, deberá solicitar autorización para dita reincorporación ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde. Dito órgano resolverá expresamente as solicitudes presentadas, logo do seu tratamento na Comisión Central de Seguimento do Pacto. A falta de resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas. No suposto de resolverse favorablemente dita solicitude, a persoa interesada deberá proceder a inscribirse novamente na lista desta categoría.

Neste suposto non se admitirá a solicitude de reincorporación se a causa de exclusión da lista deriva da suma das dúas penalizacións indicadas neste apartado.

Tampouco procederá a citada autorización se a causa de exclusión das listas deriva dun incumprimento disciplinario constitutivo de falta moi grave ou causa penal.

IV.6. Excepcións ao réxime de penalizacións

1. A primeira renuncia a unha oferta de vinculación para a prestación de servizos nunha das categorías subsidiarias previstas no Anexo II, por indispoñibilidade de aspirantes na respectiva categoría no mesmo distrito e distritos limítrofes, non dará lugar a ningún ti-

po de penalización. En segundo chamamento, a renuncia á formalización do nomeamento penalizarase nos termos dispostos no apartado IV.1.

Non obstante, admitirase a renuncia sen penalización a un nomeamento xa formalizado nunha categoría subsidiaria, no momento en que conste a dispoñibilidade de aspirantes da respectiva categoría no mesmo distrito ou distritos limítrofes.

2. A primeira renuncia por un/unha aspirante da quenda de promoción profesional, a un nomeamento fóra da localidade onde radique o centro de destino do/da profesional non dará lugar a ningún tipo de penalización.

3. Nas listas de ámbito autonómico da *Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061*, as persoas aspirantes poderán renunciar, sen penalización, ao primeiro chamamento que se efectúe para nomeamentos fóra da súa provincia de residencia.

4. A persoa que se encontre vinculada por un nomeamento de duración previsible inferior a un ano á que se lle oferte un vínculo de duración previsible igual ou superior a un ano poderá renunciar a este sen penalización, permanecendo como indispoñible para sucesivos chamamentos desta mesma clase ata a finalización do se vínculo actual.

5. Os supostos de excepción á primeira renuncia indicados nos puntos IV.6.1, IV.6.2 e IV.6.3 anteriores entenderanse aplicables só para unha única oferta de vinculación, sen posibilidade de acollerse novamente a esta excepción no caso de recibir unha nova oferta no mesmo día ou en día distinto.

IV.7. Extensión de efectos

O réxime de penalizacións e suspensións regulado neste Pacto entenderase extensible tamén ás persoas dispoñibles aínda non admitidas nas listas vixentes que teñan a súa inscrición en estado validado ou confirmado rexistrado e a súa titulación de acceso validada.

V.- SELECCIÓN DE PERSOAL ESTATUTARIO TEMPORAL LICENCIADO SANITARIO DE ATENCIÓN HOSPITALARIA

V.1. Ámbito de aplicación

As listas de persoal estatutario temporal licenciado sanitario de atención hospitalaria terán ámbito territorial de inscrición de área sanitaria, se ben os contratos de vinculación temporal ofertados a este persoal virán desagregados por distrito sanitario.

Este sistema de selección será de aplicación a todos os nomeamentos temporais de persoal estatutario licenciado sanitario do nivel de atención hospitalaria do Sistema público de saúde de Galicia.

Exclúense da regulación recollida neste punto V as categorías/especialidades de médico/a de urxencias hospitalarias, facultativo/a especialista de área de medicina do traballo e psicólogo/a clínico/a.

V.2. Selección de aspirantes

V.2.1. Elaboración de listas de aspirantes.

As listas destas categorías/especialidades disporán de dúas quendas de acceso diferenciado: quenda libre e quenda de promoción profesional.

O procedemento de inscrición será o mesmo que se aplica, a través de Fides/expedient-e, para as demais listas de aspirantes. Este sistema informático utilizarase igualmente para rexistrar electronicamente os requisitos de participación e os méritos que se posúen.

O procedemento de publicación das listas de aspirantes será tamén o mesmo que se aplica con carácter xeral (listas provisionais, prazo de reclamacións e listas definitivas).

V.2.2. Baremo.

A orde de prelación das persoas aspirantes na lista virá determinada pola puntuación que resulte de aplicar un baremo cos seguintes méritos:

1. Participación na oferta pública de emprego (OPE) na categoría e/ou especialidade no Servizo Galego de Saúde (máximo 60 puntos).
2. Experiencia profesional, formación, investigación e innovación sanitaria (máximo 40 puntos).

1. Participación na OPE (máximo 60 puntos).

Asignarase coa debida proporcionalidade a maior das puntuacións globais obtidas pola persoa aspirante na fase de oposición dos dous últimos procesos selectivos convocados e resoltos polo Servizo Galego de Saúde na correspondente categoría e/ou especialidade, con independencia da superación da dita fase.

Para estes efectos entenderase como data de finalización do proceso selectivo a data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución pola que se declara rematada a fase de oposición do respectivo proceso.

En ningún suposto se valorarán puntuacións derivadas da participación en procesos selectivos anteriores á OPE do ano 2006. No suposto de que as puntuacións máximas a acadar nas distintas ofertas públicas de emprego sexan diferentes, aplicarase unha regra de proporcionalidade.

O coñecemento da lingua galega das persoas aspirantes que non teñan participado na OPE, que non tivesen realizado o correspondente exercicio ou tivesen obtido neste unha puntuación inferior á máxima, valorarase nesta epígrafe con 5 puntos, logo de acreditación do Curso de Celga 4 ou equivalente.

Ás persoas aspirantes que tivesen realizado a fase de oposición dalgún dos dous últimos procesos selectivos convocados e resoltos polo Servizo Galego de Saúde na correspondente categoría e/ou especialidade, e non teñan acreditado o Celga 4 ou equivalente, valoraráselles coa debida proporcionalidade a puntuación obtida no exercicio de lingua galega da oposición na que obtivesen a maior puntuación global.

Ás persoas aspirantes que tiveran participado na OPE da correspondente categoría e/ou especialidade pola quenda de promoción interna, e estiveran polo tanto exentas do exercicio sobre o contido da parte común do programa, valoraráselles este punto con 5 puntos.

2. Experiencia profesional, formación, investigación e innovación sanitaria (máximo 40 puntos).

Valoraranse de acordo co baremo utilizado na última convocatoria de selección de persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, na categoría e/ou especialidade correspondente.

No suposto de que, con data do 30 de xuño se tivese publicado, logo da negociación coas organizacións sindicais, un novo baremo de calquera destas especialidades nos procesos de selección fixa de concurso-oposición, a valoración da experiencia profesional, formación acreditada e demais méritos das persoas aspirantes nas listas que se xeren do resto das especialidades realizarase conxuntamente consonte este último baremo.

V.2.3. Postos con características específicas.

Cando as necesidades concretas que se pretendan cubrir, ou as especificidades e técnicas propias de determinados postos en unidades de referencia así o xustifiquen, coa debida motivación, logo de autorización conxunta das direccións xerais de Asistencia Sanitaria e de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, e logo de informar a respectiva comisión periférica de seguimento do pacto, a xerencia ou dirección poderá realizar un procedemento específico de selección no que se requira determinada experiencia ou formación previa nalgunha ou nalgunhas áreas específicas de actividade da correspondente categoría e/ou especialidade.

A selección, entre as persoas aspirantes que reúnan os requisitos de experiencia ou formación previa, realizarase atendendo a algún dos seguintes criterios:

a) Exclusivamente a puntuación na lista.

b) A puntuación na lista incrementada co resultado dunha entrevista e/ou memoria (máximo 16 puntos).

Cando se opte pola realización dunha entrevista e/ou memoria, a xerencia ou dirección:

a) Concretará e fará públicas as bases que se aplicarán nesta fase adicional de entrevista e/ou memoria.

b) Poderá limitar o número de persoas aspirantes que accedan a esta, entre aquelas que acrediten a experiencia ou formación previa requirida, pero respectando, en todo caso, a orde de prelación establecida na listaxe de aspirantes.

c) Nomeará unha comisión de valoración coas seguintes composición e funcións.

1º. Composición.

A comisión estará constituída por presidente/a, dous vogais e secretario/a. Na composición garantirase a presenza de profesionais con destino, preferentemente, en dúas áreas sanitarias, e cando menos dous distritos sanitarios. Como mínimo, dous dos membros terán a titulación da categoría e/ou especialidade na que se realiza a selección.

Na designación dos membros da comisión deberá respectarse o disposto no artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

As persoas integrantes da comisión deberán absterse de intervir no proceso para o que foron designadas cando se atopen incursas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2º. Funcións.

As funcións da comisión serán fixadas nas bases do procedemento aprobadas pola xerencia ou dirección e, en todo caso terá as seguintes:

a) Fixar previamente os criterios para realizar e valorar a entrevista e/ou a memoria (entrevista e/ou memoria regradas).

- b) Realizar e valorar a entrevista e/ou a memoria.
- c) Dar traslado á xerencia ou dirección da acta, coa debida motivación, coas puntuacións obtidas polas persoas aspirantes na entrevista e/ou memoria.

V.3. Xestión de chamamentos

A adxudicación automatizada dos nomeamentos ou, de ser o caso, o chamamento telefónico, serán efectuados polas xerencias ou direccións seguindo rigorosamente a orde de puntuación nas listas, sen prexuízo do procedemento específico de selección que se establece no punto V.2.3 respecto a determinados postos con características específicas.

V.4. Aplicación do Pacto de Selección Temporal

Á marxe do previsto nos apartados V.1, V.2 e V.3 anteriores, na selección temporal do persoal estatutario licenciado sanitario do nivel de atención hospitalaria aplicaranse con carácter xeral as normas establecidas no vixente pacto.

Como excepcións:

- a) Os méritos a valorar serán os causados ata o 15 de xuño, este incluído, que consten debidamente rexistrados en FIDES/expedient-e e acreditados documentalmente pola persoa interesada ata a data límite do 30 de xuño.
- b) Todas as listas de persoal licenciado sanitario serán compatibles entre si.
- c) Serán subsidiarias entre si para os efectos da formalización de nomeamentos, nos supostos de indispoñibilidade transitoria de aspirantes nunha das categorías, as listas de persoas aspirantes das categorías de pediatra de atención primaria e facultativo/a especialista de área na especialidade de pediatría e as súas áreas específicas.
- d) No suposto de non existir nunha área sanitaria aspirantes dispoñibles que tiveran manifestado como opción de inscrición este ámbito, e ata a seguinte xeración de listas

que se efectúe segundo o disposto no apartado II.4.4 do presente Pacto, deberá procederse segundo a orde que se indica a continuación:

1º.- En primeiro lugar, se a oferta de nomeamento é inferior a 60 días acudirase aos aspirantes admitidos na lista da respectiva categoría e área sanitaria, pola quenda de promoción profesional.

2º.- En segundo lugar, efectuarase o chamamento a favor daqueles/as aspirantes que estean en posesión do título/especialidade e que tivesen formalizado en *Fides/expediente* a solicitude de inscrición nas listas de selección temporal/promoción profesional da categoría con posterioridade á data límite de inscrición para as listas en vigor nese momento, e tamén con posterioridade á data de obtención de dita titulación académica específica (no suposto de que a persoa aspirante rexistre a su inscrición en listas antes da data de obtención de dita titulación académica específica, o aplicativo informático equipará esta data de rexistro e a data interna de alta coa data de obtención da titulación académica específica requisito de acceso).

Neste suposto a ordenación dos/das aspirantes en cada área sanitaria efectuarase segundo o indicado no punto III.4.3º deste Pacto.

3º.- En terceiro lugar, non existindo aspirantes da mesma categoría nos apartados anteriores, acudirase á utilización das listas desa categoría das áreas sanitarias máis próximas, tendo en conta as áreas limítrofes ao distrito onde xurde a oferta de contratación.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, considéranse áreas sanitarias limítrofes as que se determinan no anexo V deste pacto.

As persoas aspirantes poderán facer constar no formulario de inscrición en lista a súa dispoñibilidade para prestar servizos fóra da área orixinaria de adscrición, conforme a orde de prelación indicada no anexo V.

Mostrada a súa predisposición no formulario de inscrición, en primeiro lugar acudirase ás persoas aspirantes que teñan manifestada a súa dispoñibilidade para a prestación de

servizos en áreas limítrofes, sendo neste caso motivo de penalización o rexeitamento da oferta de contratación temporal a xornada completa.

A continuación, en segundo lugar, acudirase ás persoas aspirantes que non teñan manifestada a súa dispoñibilidade para a prestación de servizos en áreas limítrofes, sendo neste caso totalmente voluntaria a aceptación desta oferta de contratación temporal.

Previamente a efectuar o chamamento verificarase que na área sanitaria de inscrición do/da aspirante se dispón de persoal dispoñible.

4º.- A continuación, en cuarto lugar, serán subsidiarias entre si aos efectos da formalización de nomeamentos as listas de persoas aspirantes das categorías que se detallan no anexo II deste Pacto.

5º.- Por último, en casos excepcionais e por indispoñibilidade de aspirantes, as xerencias/direccións poderán ofertar aos/ás profesionais cun nomeamento de interinidade ou substitución, que dispoñan ademais da titulación académica que lles habilite para o acceso ás funcións doutra categoría do mesmo ou superior nivel de titulación, nomeamentos temporais correspondentes a esta última categoría, sen que resulte afectada, por este motivo, a vixencia do nomeamento da categoría de orixe. A aceptación do nomeamento será voluntaria para o/a aspirante.

No caso de que as xerencias/direccións procedan á activación deste último suposto 5º, informarán do mesmo na correspondente comisión periférica.

e) Ás persoas aspirantes vinculadas nun distrito da área sanitaria de inscrición ofertaráselles os vínculos de longa duración da mesma categoría/especialidade que se produzan noutro distrito desa área sanitaria. A aceptación deste vínculo terá carácter voluntario.

No suposto de renuncia a un nomeamento de longa duración noutro distrito desa área sanitaria de inscrición, permanecerá como indispoñible neste distrito para sucesivos nomeamentos ata a finalización do seu vínculo.

f) Ás persoas aspirantes vinculadas nun distrito distinto da área sanitaria de inscrición ofertaráselles todos os vínculos da mesma categoría/especialidade que se produzan no/s distrito/s da área sanitaria de inscrición. A aceptación deste vínculo terá carácter voluntario.

Neste suposto, a renuncia a un nomeamento de curta ou longa duración nun distrito da área sanitaria de inscrición implicará a súa indispoñibilidade neste distrito para todo tipo de nomeamentos sucesivos ata a finalización do seu vínculo.

V.5. Réxime transitorio: de listas de ámbito autonómico a listas de ámbito área sanitaria

Na resolución do 11 de decembro de 2018 (DOG núm. 240, do 18 de decembro), sobre a selección de persoal estatutario temporal licenciado sanitario de atención hospitalaria, regulábanse as listas deste persoal como listas de ámbito autonómico. Agora, coa entrada en vigor deste novo pacto, e tal e como se indica no punto V.1, as listas deste persoal terán ámbito territorial de área sanitaria.

De acordo con esta premisa, tras a publicación no ano 2026 das listas definitivas destas categorías (consonte as normas e requisitos do pacto do ano 2018) e ata a data límite do 30 de setembro do ano 2026, as persoas inscritas nas listas de persoal licenciado sanitario de atención hospitalaria terán a súa disposición, no seu Fides/expedient-e, unha inscrición en estado editable na que deberán indicar unha única área sanitaria da súa elección para a prestación de servizos.

No suposto de que no prazo referido no parágrafo anterior o/a aspirante non seleccione ningunha área sanitaria na súa inscrición editable:

1º) Se na súa antiga inscrición de ámbito autonómico só ten marcados distritos sanitarios pertencentes a unha única área sanitaria: rexistrarase esa área sanitaria como a principal para a nova prestación de servizos.

2º) Se na súa antiga inscrición de ámbito autonómico ten marcados distritos sanitarios pertencentes a máis dunha área sanitaria: rexistrarse como área sanitaria principal na nova lista aquela na que tivese marcado un distrito considerado de difícil cobertura (A Barbanza, A Mariña, Cee, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, O Salnés ou Verín). No suposto de existir na súa antiga inscrición varios ou ningún distrito de difícil cobertura, rexistrarse, de entre eles, a área sanitaria na que consten menos aspirantes admitidos nas listas vixentes.

ANEXO I

LISTAS COMPATIBLES

a) Persoal licenciado sanitario.

Médico/a de familia, médico/a de urxencias hospitalarias, médico/a coordinador/a do 061, médico/a asistencial do 061, facultativo/a especialista de área de Medicina do Traballo, odontólogo/a de atención primaria, psicólogo/a clínico/a, farmacéutico/a de atención primaria, técnico/a de saúde de atención primaria e licenciados/as sanitarios/as de atención hospitalaria.

b) Persoal sanitario diplomado e de formación profesional.

Bloque I:

Dietista-nutricionista, enfermeiro/a, enfermeiro/a especialista, enfermeiro/a da *Fundación Pública Urxencias Sanitarias-061*, logopeda, fisioterapeuta e terapeuta ocupacional.

A Administración poderá suspender temporalmente a aplicación da compatibilidade das listas de enfermeiro/a e enfermeiro/a especialista, nos supostos de indispoñibilidade de aspirantes ou cando o número de inscritos/as se prevexa insuficiente para dar cobertura ás necesidades da especialidade, que en todo caso terán carácter prioritario.

Da suspensión que, de ser o caso se acorde, informarase á Comisión Central de Seguimento do Pacto e ás respectivas Comisións Periféricas.

Bloque II:

Técnico/a superior en radioterapia, técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico, técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico, técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía, técnico/a superior en dietética e nutrición, técnico/a superior en documentación sanitaria e técnico/a superior en hixiene bucodental.

Bloque III:

DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS
Complexo Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 542 800
recursos.humanos@sergas.gal
www.sergas.gal

Técnico/a en cuidados auxiliares de enfermaría e técnico/a en farmacia.

c) Persoal de xestión e servizos.

Bloque I:

Grupo técnico da función administrativa, técnico/a superior, técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información, enxeñeiro/a superior, grupo de xestión da función administrativa, traballador/a social, enxeñeiro/a técnico/a, técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a superior de prevención de riscos laborais, técnico/a de grao medio en prevención de riscos laborais, técnico/a superior en ciencias da información, enxeñeiro/a biomédico/a, bibliotecario/a e técnico/a de grao medio en biblioteconomía e documentación.

Bloque II:

Pinche e cociñeiro/a.

Bloque III:

Lavandeiro/a, limpador/a e pasador/a de ferro.

d) Persoal con discapacidade intelectual acreditada:

Crearanse listas independentes de persoal con discapacidade intelectual, de tal xeito que todas estas listas serán compatibles entre si e incompatibles coas listas onde non se exixa acreditar este requisito para o seu acceso. Ditas listas, tal e como se regula no punto II.2.4, disporán da posibilidade de inscribirse pola quenda de acceso libre ou pola quenda de acceso de promoción profesional temporal.

ANEXO II

CATEGORÍAS SUBSIDIARIAS

I: médico/a de familia de atención primaria, médico/a de urgencias hospitalarias e médico/a do 061 que reúna os requisitos para o exercicio profesional de cada unha das categorías.

Será subsidiaria da categoría de médico/a de familia, en primeiro lugar a categoría de médico/a de urgencias hospitalarias, e a continuación, por esta orde, médico/a coordinador/a do 061 e médico/a asistencial do 061.

Respecto da categoría de médico/a de urgencias hospitalarias serán subsidiarias as categorías de médico/a asistencial do 061, médico/a de familia e médico/a coordinador/a do 061, por esta orde.

Respecto da categoría de médico/a coordinador/a do 061 serán subsidiarias pola orde que se detalla a continuación as categorías de médico/a de familia, médico/a asistencial do 061 e médico/a de urgencias hospitalarias.

Por último, respecto da categoría de médico/a asistencial do 061, será subsidiaria en primeiro lugar a categoría de médico/a de urgencias hospitalarias e a continuación e por esta orde médico/a coordinador/a do 061 e médico/a de familia.

II: tamén serán subsidiarias ente si para os efectos da formalización de nomeamentos, nos supostos de indispoñibilidade transitoria de aspirantes nunha das categorías, as listas de persoas aspirantes das categorías de pediatra de atención primaria e facultativo/a especialista de área na especialidade de pediatría e as súas áreas específicas.

III: para os efectos da formalización de nomeamentos nos supostos de indispoñibilidade transitoria de aspirantes, será subsidiaria da categoría de médico/a de hospitalización a

domicilio a categoría de médico/a de urxencias hospitalarias e a de facultativo/a especialista de área de medicina interna.

ANEXO III

ACORDOS INTERPRETATIVOS

A.-XESTIÓN DE CHAMAMENTOS

Primeiro.- Cobertura de comisións de servizo, liberacións sindicais e servizos determinados

Os nomeamentos de substitución por causa de comisión de servizo, liberación por desempeño de cargo sindical así como os nomeamentos temporais de servizo determinado, agás que o centro petionario especifique que a súa previsible duración, incluídas as posibles prórrogas, teñan unha duración inferior a un ano, presumíranse de longa duración. Así as cousas, os nomeamentos para cubrir tales continxencias, deberán formalizarse coas persoas aspirantes que acrediten unha maior puntuación na correspondente categoría e ámbito territorial.

Segundo.- Sucesión de nomeamentos de longa duración

No suposto de que resulte necesario formalizar unha vinculación de longa duración que traia a súa causa noutra anterior tamén de longa duración, cuberta cun aspirante seleccionado pola orde de preferencia nas listas para a cobertura de vínculos de duración igual ou superior ao ano, este novo vínculo formalizarase con este mesmo profesional.

A sensu contrario, se a vinculación anterior fora formalizada cun aspirante chamado pola lista de curta duración, por non ter nese intre o nomeamento a consideración de longa duración, producirase o cesamento dese aspirante e chamarase ao que acredite a maior puntuación nas listas para a cobertura de nomeamentos de duración igual ou superior ao ano.

Terceiro.- Cesamento das substitucións

O cesamento do/da substituto/a producirase cando se reincorpore a persoa a quen o substitúa, cando o titular perda o seu dereito a reincorporación á mesma praza ou función e nos supostos recollidos no artigo 9 bis do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. No suposto en que unicamente se produza o cambio da causa que dá lugar á reserva da praza do titular sen reincorporación efectiva do mesmo, non procederá o cesamento do substituto por este motivo.

Cuarto.-Determinación da orde de rotación de chamamentos entre a quenda de promoción profesional e a quenda de acceso libre.

O primeiro chamamento que deba efectuarse nunha determinada categoría e distrito para a cobertura dunha interinidade en praza vacante e demais que se estimen, inicialmente de duración igual ou superior a 60 días, efectuarase pola quenda de promoción profesional temporal –lista de curta ou longa duración- segundo o tipo de nomeamento.

En cada publicación de listas definitivas, sexa durante a vixencia dun mesmo Pacto ou doutro posterior que o substitúa, non se reiniciará o cómputo do 50% a prol das listas de promoción profesional temporal, senón que o dito 50% de alternancia para as vinculacións a cubrir na respectiva categoría e distrito debe aplicarse con continuidade, é dicir, respectando a orde seguida para o chamamento inmediatamente anterior realizado no respectivo distrito.

No caso de non existir ou esgotarse algunha das quendas e, polo tanto, adxudicarse o contrato pola outra quenda dispoñible, no seguinte nomeamento temporal que se oferte acudirase novamente á quenda anteriormente esgotada. É dicir, a quenda do último contrato rexistrado será a que indique o inicio da alternancia para os próximos contratos a adxudicar.

Quinto.- Tempo parcial

Os nomeamentos a tempo parcial derivados da cobertura de reducións de xornada por motivos familiares ofertaranse ás persoas aspirantes da lista especial de curta duración que tivesen seleccionado a opción de tempo parcial, sempre que non conste expresamente que sexan de duración inferior a 90 días.

Sexto.- Priorización da lista de enfermeiro/a especialista nos ámbitos funcionais con especialidade.

Para os nomeamentos de enfermaría naqueles ámbitos funcionais nos que exista especialidade, os chamamentos realizaranse a favor das persoas aspirantes admitidas nas listas vixentes de Enfermeiro/a especialista desa especialidade, de acordo coa orde de prelación e criterios de xestión dispostos neste Pacto. Non habendo aspirantes dispoñibles da mesma especialidade nas listas vixentes, se recorrerá aos novos aspirantes desa especialidade inscritos consonte ao disposto no punto III.4.3º do Pacto vixente.

Só no suposto de non haber aspirantes dispoñibles ao abeiro do establecido no parágrafo anterior, acudirase ós demandantes inscritos na lista temporal da categoría de enfermeiro/a.

B.- RENUNCIAS SEN PENALIZACIÓN

Sétimo.- Renuncia sen penalización a vínculos de longa duración nos supostos de cambio de distrito ou de distrito preferente.

As persoas aspirantes que se atopen vinculadas por un nomeamento a xornada completa en praza vacante ou de duración igual ou superior a un ano nunha institución sanitaria do Servizo Galego de Saúde ou nunha entidade pública sanitaria adscrita á Consellería de Sanidade consonte ás listas convocadas ao abeiro do Pacto de selección temporal, e que coa entrada en vigor dunha nova lista, figuren como aspirantes nun distrito distinto, non serán chamados pola nova lista mentres se manteña tal vinculación, en aplicación do Pacto de selección temporal.

Agora ben, sempre que o/a aspirante o manifeste por escrito ante o órgano responsable da realización dos chamamentos daquel novo distrito no que figure inscrito, dentro do prazo dun mes desde a entrada en vigor das novas listas, se lle chamará para calquera vinculación que lle corresponda polo seu número de orde no novo distrito.

A aceptación da oferta de nomeamento no novo distrito, levará consigo a renuncia á vinculación na que figuraba anteriormente, sen que sexa obxecto de penalización por esta causa.

A non aceptación da oferta de nomeamento no novo distrito comporta a aplicación do réxime penalizador previsto no Pacto de selección temporal.

Oitavo.- Renuncia sen penalización a calquera vínculo nos supostos de cambio de categoría.

As persoas aspirantes que se atopen vinculadas nunha institución sanitaria do Servizo Galego de Saúde ou nunha entidade pública sanitaria adscrita á Consellería de Sanidade consonte ás listas convocadas ao abeiro do Pacto de selección temporal, e que coa entrada en vigor dunha nova lista figuren como aspirantes nunha nova categoría, non poderán renunciar voluntariamente a este vínculo, agás que se formalice un chamamento referido a un vínculo de duración igual ou superior a un ano na nova categoría.

Agora ben, sempre que o/a aspirante o manifeste por escrito ante o órgano responsable da realización dos chamamentos dentro do prazo dun mes desde a entrada en vigor das novas listas, se lle chamará tamén para calquera vinculación de duración inferior a un ano que lle corresponda polo seu número de orde na nova lista.

A aceptación da oferta de nomeamento na nova lista, levará consigo a renuncia á vinculación na que figuraba anteriormente, sen que sexa obxecto de penalización por esta causa.

A non aceptación da oferta de nomeamento na nova lista comporta a aplicación do réxime penalizador previsto no Pacto de selección temporal.

Noveno.- Renuncia sen penalización a vínculos a tempo parcial nos supostos de optar só pola realización de nomeamentos a xornada completa.

As persoas aspirantes que se atopen vinculadas por un nomeamento a tempo parcial nunha institución sanitaria do Servizo Galego de Saúde ou nunha entidade pública sanitaria adscrita á Consellería de Sanidade consonte ás listas convocadas ao abeiro do Pacto de selección temporal, e que coa entrada en vigor dunha nova lista manifestasen na súa solicitude a vontade de non aceptar a realización de nomeamentos a tempo parcial, non poderán renunciar voluntariamente ao referido vínculo, agás que se formalice un chamamento referido a un vínculo a xornada completa en praza vacante ou de duración igual ou superior a un ano.

Non obstante, sempre que o/a aspirante o manifeste por escrito ante o órgano responsable da realización dos chamamentos dentro do prazo dun mes desde a entrada en vigor das novas listas (previa acreditación da existencia de aspirantes dispoñibles para nomeamentos a tempo parcial na lista da mesma categoría e ámbito territorial), se lle chamará para calquera vinculación a xornada completa que lle corresponda polo seu número de orde na nova lista.

A aceptación da oferta de nomeamento a xornada completa na nova lista, levará consigo a renuncia á vinculación na que figuraba anteriormente, sen que sexa obxecto de penalización por esta causa.

A non aceptación da oferta de nomeamento a xornada completa na nova lista, comporta a aplicación do réxime penalizador disposto no Pacto de selección temporal.

Décimo.- Renuncia sen penalización a vínculos a tempo parcial nos supostos de cambio de distrito.

As persoas aspirantes que se encontren vinculadas por un nomeamento a tempo parcial, en praza vacante ou de duración igual ou superior a un ano nunha institución sanitaria do Servizo Galego de Saúde ou nunha entidade pública sanitaria adscrita á Consellería de Sanidade consonte as listas convocadas ao abeiro do pacto de selección temporal, e que coa entrada en vigor dunha nova lista figuren como aspirantes nun distrito distinto, non serán chamadas pola nova lista mentres se manteña tal vinculación, agás que se formalice un chamamento referido a un vínculo a xornada completa en praza vacante ou de duración igual ou superior a un ano.

Non obstante, sempre que o/a aspirante o manifeste por escrito ante o órgano responsable da realización dos chamamentos daquel novo distrito en que figure inscrito, dentro do prazo dun mes desde a entrada en vigor das novas listas, será chamado para calquera vinculación que lle corresponda polo seu número de orde no novo distrito.

A aceptación da oferta de nomeamento no novo distrito suporá a renuncia á vinculación en que figuraba anteriormente, sen que sexa obxecto de penalización por esta causa.

A non aceptación da oferta de nomeamento no novo distrito comporta a aplicación do réxime penalizador previsto no pacto de selección temporal.

C.- COMPATIBILIDADE

Undécimo.- Inscripción en listas incompatibles.

No suposto de que un/unha aspirante solicite a súa inscrición en varias categorías incompatibles, optarase pola categoría na que o/a aspirante tivese formalizado a súa inscrición en *Fides/expedient-e* en último lugar, quedando sen efecto a primeira rexistrada en *Fides* polo/a aspirante.

Duodécimo.- Compatibilidade entre a sublista de Puericultor/a e a listaxe de Médico de Familia.

As persoas aspirantes inscritas na lista de médico/a de familia e que, posuíndo o diploma de posgraao en puericultura, exercesen a opción de acceso á sublista de puericultor/a, poderán optar – no suposto de non existir médicos pediatras dispoñibles na lista- aos nomeamentos que se lles oferten para a cobertura de substitucións e/ou eventualidades de pediatra de atención primaria, segundo a orde rigorosa que resulte da prelación da sublista de puericultor/a.

ANEXO IV

DISTRITOS LIMÍTROFES

Distrito Coruña: Cee, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Salnés, Pontevedra, Vigo, A Barbanza, Ourense, A Mariña, Monforte de Lemos, Verín, O Barco de Valdeorras.

Distrito Cee: A Coruña, Santiago de Compostela, A Barbanza, O Salnés, Pontevedra, Ferrol, Vigo, Ourense, Lugo, Monforte de Lemos, Verín, A Mariña, O Barco de Valdeorras.

Distrito Ferrol: A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, A Barbanza, A Mariña, Cee, O Salnés, Pontevedra, Vigo, Ourense, Monforte de Lemos, Verín, O Barco de Valdeorras.

Distrito Santiago de Compostela: A Barbanza, A Coruña, O Salnés, Pontevedra, Vigo, Ferrol, Ourense, Cee, Lugo, Verín, Monforte de Lemos, A Mariña, O Barco de Valdeorras.

Distrito A Barbanza: Santiago de Compostela, O Salnés, Pontevedra, Vigo, A Coruña, Cee, Ferrol, Ourense, Lugo, Monforte de Lemos, Verín, A Mariña, O Barco de Valdeorras.

Distrito Lugo: Monforte de Lemos, A Mariña, A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Ourense, O Barco de Valdeorras, O Salnés, Pontevedra, Vigo, A Barbanza, Verín, Cee.

Distrito A Mariña: Lugo, Monforte de Lemos, Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, O Salnés, Pontevedra, O Barco de Valdeorras, Ourense, Vigo, A Barbanza, Cee, Verín.

Distrito Monforte de Lemos: Lugo, A Mariña, Ourense, O Barco de Valdeorras, Verín, Santiago de Compostela, Vigo, Pontevedra, A Coruña, O Salnés, Ferrol, A Barbanza, Cee.

Distrito Ourense: Verín, O Barco de Valdeorras, Monforte de Lemos, Santiago de Compostela, Lugo, A Barbanza, Vigo, Pontevedra, A Coruña, Ferrol, O Salnés, Cee, A Mariña.

Distrito Verín: Ourense, O Barco de Valdeorras, Monforte de Lemos, Santiago de Compostela, Vigo, Pontevedra, O Salnés, Lugo, A Coruña, A Barbanza, Ferrol, A Mariña, Cee.

Distrito O Barco de Valdeorras: Ourense, Verín, Monforte de Lemos, Lugo, Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Vigo, A Mariña, Pontevedra, O Salnés, A Barbanza, Cee.

Distrito Pontevedra: O Salnés, Vigo, Santiago de Compostela, A Barbanza, Ourense, A Coruña, Monforte de Lemos, Ferrol, Cee, Lugo, Verín, A Mariña, O Barco de Valdeorras.

Distrito O Salnés: Pontevedra, Vigo, Santiago de Compostela, A Barbanza, A Coruña, Ferrol, Ourense, Cee, Lugo, Monforte de Lemos, Verín, A Mariña, O Barco de Valdeorras.

Distrito Vigo: Pontevedra, O Salnés, Santiago de Compostela, Ourense, A Barbanza, A Coruña, Ferrol, Monforte de Lemos, Verín, Cee, Lugo, O Barco de Valdeorras, A Mariña.

ANEXO V

ÁREAS SANITARIAS LIMÍTROFES AO DISTRITO SANITARIO ONDE XURDE A OFERTA

Oferta no distrito da Coruña: A.S.Ferrol, A.S.Santiago de Compostela-A Barbanza, A.S.Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos, A.S.Pontevedra-O Salnés, A.S.Vigo, A.S.Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras.

Oferta no distrito de Cee: A.S.Santiago de Compostela-A Barbanza, A.S.Pontevedra-O Salnés, A.S.Ferrol, A.S.Vigo, A.S.Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras, A.S.Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos.

Oferta no distrito de Ferrol: A Coruña-Cee, A.S.Santiago de Compostela-A Barbanza, A.S.Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos, A.S.Pontevedra-O Salnés, A.S.Vigo, A.S.Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras.

Oferta no distrito de Santiago de Compostela: A Coruña-Cee, A.S.Pontevedra-O Salnés, A.S.Vigo, A.S.Ferrol, A.S.Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras, A.S.Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos.

Oferta no distrito da Barbanza: A.S.Pontevedra-O Salnés, A.S.Vigo, A Coruña-Cee, A.S.Ferrol, A.S.Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras, A.S.Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos.

Oferta no distrito de Lugo: A Coruña-Cee, A.S.Ferrol, A.S.Santiago de Compostela-A Barbanza, A.S.Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras, A.S.Pontevedra-O Salnés, A.S.Vigo.

Oferta no distrito da Mariña: A.S.Ferrol, A Coruña-Cee, A.S.Santiago de Compostela-A Barbanza, A.S.Pontevedra-O Salnés, A.S.Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras, Vigo.

Oferta no distrito de Monforte de Lemos: A.S.Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras, A.S.Santiago de Compostela-A Barbanza, A.S.Vigo, A.S.Pontevedra-O Salnés, A Coruña-Cee, A.S.Ferrol.

Oferta no distrito de Ourense: A.S.Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos, A.S.Santiago de Compostela-A Barbanza, A.S.Vigo, A.S.Pontevedra-O Salnés, A Coruña-Cee, A.S.Ferrol.

Oferta no distrito de Verín: A.S.Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos, A.S.Santiago de Compostela-A Barbanza, A.S.Vigo, A.S.Pontevedra-O Salnés, A Coruña-Cee, A.S.Ferrol.

Oferta no distrito do Barco de Valdeorras: A.S.Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos, A.S.Santiago de Compostela-A Barbanza, A Coruña-Cee, A.S.Ferrol, A.S.Vigo, A.S.Pontevedra-O Salnés.

Oferta no distrito de Pontevedra: A.S.Vigo, A.S.Santiago de Compostela-A Barbanza, A.S.Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras, A Coruña-Cee, A.S.Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos, A.S.Ferrol.

Oferta no distrito do Salnés: A.S.Vigo, A.S.Santiago de Compostela-A Barbanza, A Coruña-Cee, A.S.Ferrol, A.S.Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras, A.S.Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos.

Oferta no distrito de Vigo: A.S.Pontevedra-O Salnés, A.S.Santiago de Compostela-A Barbanza, A.S.Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras, A Coruña-Cee, A.S.Ferrol, A.S.Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos.

ANEXO VI

INDICACIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL E A DATA DE CORTE DE REQUISITOS E MÉRITOS POR CATEGORÍA

CATEGORÍA	MÉRITOS	REQUISITOS	ÁMBITO
Albanel	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Bibliotecario/a	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Calefactor/a	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Carpinteiro/a	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Celador/a	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Celador/a (queda discapacidade intelectual)	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Cociñeiro/a	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Conductor/a	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Costureiro/a	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Dietista-nutricionista	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Electricista/a	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Enfermeiro/a	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Enfermeiro/a da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia – 061	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Enfermeiro/a especialista en enfermería do traballo	15 de xuño	30 de xuño	Autonómico
Enfermeiro/a especialista en enfermería familiar e comunitaria	15 de xuño	30 de xuño	Distrito sanitario
Enfermeiro/a especialista en enfermería pediátrica	15 de xuño	30 de xuño	Distrito sanitario
Enfermeiro/a especialista en obstetricia e xinecoloxía (matrón/a)	15 de xuño	30 de xuño	Distrito sanitario
Enfermeiro/a especialista en saúde mental	15 de xuño	30 de xuño	Distrito sanitario
Enxeñeiro/a Biomédico/a	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Enxeñeiro/a Técnico/a	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Facultativo/a especialista de área de Alergoloxía	15 de xuño	30 de xuño	Área Sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Análises Clínicas	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Anatomía Patolóxica	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Anestesioloxía e Reanimación	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Anxioloxía e Cirurxía Vascular	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Aparello Dixestivo	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Cardioloxía	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Cirurxía Cardiovascular	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Cirurxía Oral e Maxilofacial	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Cirurxía Ortopédica e Traumatolóxica	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Cirurxía Pediátrica	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Cirurxía Plástica, Estética e Reparadora	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Cirurxía Torácica	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Dermatoloxía médico-cirúrxica e Venereoloxía	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Endocrinoloxía e Nutrición	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria

CATEGORÍA	MÉRITOS	REQUISITOS	ÁMBITO
Facultativo/a especialista de área de Farmacia Hospitalaria	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Hematoloxía e Hemoterapia	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Inmunoloxía	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Medicina do Traballo	15 de xuño	30 de xuño	Autonómico
Facultativo/a especialista de área de Medicina Física e Rehabilitación	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Medicina Intensiva	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Medicina Interna	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Medicina Nuclear	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Medicina Preventiva e Saúde Pública	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Microbioloxía e Parasitoloxía	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Nefroloxía	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Neurocirurxía	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Neurofisioloxía Clínica	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Neuroloxía	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Obstetricia e Xinecoloxía	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Oftalmoloxía	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Oncoloxía Médica	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Oncoloxía Radioterápica	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Otorrinolaringoloxía	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Pediatría e as súas áreas específicas	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Pneumoloxía	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Psicoloxía Clínica	15 de xuño	30 de xuño	Distrito sanitario
Facultativo/a especialista de área de Psiquiatría	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Radiodiagnóstico	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Radiofísica Hospitalaria	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Reumatoloxía	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Uroloxía	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Facultativo/a especialista de área de Xeriatría	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Farmacéutico/a de atención primaria	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Fisioterapeuta	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Fontaneiro/a	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Grupo Auxiliar da función administrativa	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Grupo de Xestión da función administrativa	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Grupo Técnico da función administrativa	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Lavandeiro/a	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Logopeda	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Mecánico/a	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Médico/a asistencial do 061	15 de xuño	30 de xuño	Autonómico
Médico/a coordinador do 061	15 de xuño	30 de xuño	Autonómico
Médico/a de admisión e documentación clínica	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Médico/a de familia de atención primaria	15 de xuño	30 de xuño	Distrito sanitario
Médico/a de Hospitalización a Domicilio	15 de xuño	30 de xuño	Área sanitaria
Médico/a de urxencias hospitalarias	15 de xuño	30 de xuño	Distrito sanitario
Odontólogo/a de atención primaria	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario

CATEGORÍA	MÉRITOS	REQUISITOS	ÁMBITO
Pasador/a de ferro	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Pediatra de atención primaria	15 de xuño	30 de xuño	Distrito sanitario
Perruqueiro/a	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Persoal de Servizos Xerais	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Pinche	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Técnico/a de grado medio en prevención de riscos laborais	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Técnico/a de grao medio en biblioteconomía e documentación	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Técnico/a de saúde de Atención Primaria	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Técnico/a en farmacia	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Técnico/a superior de prevención de riscos laborais	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Técnico/a superior en Ciencias da Información	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Técnico/a superior en dietética	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Técnico/a superior en documentación sanitaria	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico
Técnico/a superior en hixiene bucodental	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Técnico/a superior en radioterapia	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Telefonista	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Terapeuta ocupacional	15 de outubro	31 de outubro	Distrito sanitario
Traballador/a social	15 de outubro	31 de outubro	Autonómico